

## as pontes

O Pleno aposta por crear solo industrial nos terreos da térmica. **Páx. 7**

## abadín

A Xunta destinará 1,2 millóns de euros á creación dunha residencia. **Páx. 12**

## xermade

O profesor Juan Carlos Vivero gaña o premio Xermade na Historia. **Páx. 22**

## outeiro de rei

A asociación de Penas de Rodas celebra a súa Romaxe o 30 de xuño. **Páx. 26**

## muras

Recrudécense as críticas pola falta de médico no centro de saúde. **Páx. 27**

## Chega o San Xoán

Guitiriz e decenas de parroquias da comarca celebran o regreso das festas que dan inicio ao verán co lume como protagonista



## Cambios na sinalización das rúas de Vilalba

Modificaron os sinais a petición veciñal e engadiron novas zonas de carga e descarga. **Páx. 3**

## Impulso para o pequeno comercio

A Federación e a Deputación firmaron un acordo para apoiar a oficina informativa. **Páx. 29**

## Novos títulos deportivos para a comarca

Ascensos para o Vilalba FS feminino e o masculino do Concello de Begonte. **Páx. 31**

## Olimpiadas Rurais



Friol prepárase para esta cita innovadora no calendario galego. **Páx. 11**

## San Martiño de Pino



A asociación veciñal organiza unha intensa actividade cultural. **Páx. 20**

## CDR As Pontes



Entrevista a Verónica Ramos Pena, adestradora e presidenta do club. **Páx. 31**

É o momento!  
**GAFAS DE SOL GRADUADAS DENDE 89€**

@novalux\_aspontes\_vilalba

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

Nº R.S. E-27-000551 / 0-27-000551 - Nº R.S. E-15-00024 / E-15-001170



## Un itinerario realizará formación para mulleres desempregadas

O Concello de Vilalba desenvolverá, nos meses de xuño e xullo en horario de 9:30 a 13:30, un itinerario formativo en colaboración coa Fundación Mujeres e dirixido a mulleres desempregadas para a adquisición de competencias e habilidades dixitais para o emprego.

En concreto, trátase dunha formación inserida no programa Alicia, activando a igualdade, que constará de varias fases.

As mulleres interesadas, que deberán cumprir os requisitos de admisión, poderán inscribirse a través dos números de teléfono

981.29.40.97 ou 660.35.58.31, así como no enderezo de correo electrónico [galicia@fundacionmujeres.es](mailto:galicia@fundacionmujeres.es) ou no Centro de Información á Muller do Concello de Vilalba, onde ademais poderán consultar e ampliar a información e dúbidas que precisen.

No relativo aos requisitos, a formación está dirixida a mulleres desempregadas que se atopan na procura dunha mellora laboral, así como a mozas sen experiencia, mulleres maiores de 45 anos, mulleres de familia monoparentais e mulleres residentes no rural.

## Vilalba quiere crear unha comunidade enerxética de ámbito local

O Concello de Vilalba traballa para a posta en marcha da primeira comunidade enerxética local, unha iniciativa para fomentar o uso de enerxías renovables e o aforro enerxético en edificios e instalacións municipais.

O primeiro paso xa está dado, ao solicitar o concello unha subvención para asesoramento xurídico e técnico ao Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

“A nosa idea é constituír a comunidade enerxética e despois poñela andar, cos recursos e os investimentos dos que vaiamos dispoñendo”, asegura a alcaldesa, Marta Rouco. “O que buscamos en primeiro lugar é o autoconsumo para instalacións municipais, pero tamén que sexa unha iniciativa aber-

ta á participación veciñal nun radio de dous quilómetros”, engade.

O concello ten que ter constituída antes do 30 de setembro a comunidade enerxética, coa redacción e aprobación dos estatutos, e realizado o estudo técnico para determinar cal é a mellor situación para a instalación das placas fotovoltaicas, que son as que permitirán obter a enerxía para autoconsumo e abastecemento.

Ademais do autoconsumo e uso de enerxías limpas, a comunidade enerxética de Vilalba busca reducir a dependencia enerxética e o impacto ambiental, promover a conciencia cidadá na cultura da sostiabilidade enerxética e contribuír a evitar situacións de vulnerabilidade enerxética.

## Concello e Deputación traballan no arranxo de varias vías do rural

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e o Concelleiro de Infraestruturas Urbanas, achegáronse ata a parroquia de Corbelle para comprobar o resultado das actuacións levadas a cabo polo equipo de terra do parque móbil da Deputación de Lugo.

En concreto, as actuacións centráronse na apertura e limpeza de cunetas de tres vías de titularidade municipal, cunha extensión total aproximada de dous quilómetros. A primeiro delas, a pista que une o barrio de Bouzas co do Maciñeiro, seguida pola pista que conecta os barrios de Maciñeiro e Viladónega e finalmente o vial que une Viladónega con Martiñán. Todos eles pertencentes á parroquia de Corbelle.

Tamén se realizaron traballos para rexenerar o firme da estrada que une O Sumeiro co barrio da Carballeira na parroquia de Goiriz.

En concreto, trátase dunha vía de 900 metros de lonxitude cuxo estado de deterioro era notable polo que foi necesaria a aplicación de catro capas de rego e catro tipos de áridos de diferentes grosos.

O Concello está tamén levando a cabo do mesmo xeito, labores para rexenerar o firme dunha das estradas do barrio do Campo do Cristo, na parroquia de Goiriz.

En concreto, trátase dunha vía polo que transcorre o Camiño de Santiago e que conta cunha lonxitude de 310 metros. Para proceder á súa rexeneración foi necesaria a aplicación de catro capas de rego e catro tipos de áridos de diferentes grosos.

**ESTRADAS.** A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación dunha estrada provincial, concretamente renovará a LU-P-6516, que une Piño con Rilleira polo Outeiro, entre os quilómetros 0 e 4,3, cun orzamento de preto de 91.000 euros. O prazo de execución é de 2 meses.



## Renovarán cunha axuda o parque da rúa Emigración

A Concellería de Infraestruturas Urbanas do Concello de Vilalba vén de acadar a concesión dunha subvención por importe de 35.778,56 euros coa que, sumada á achega municipal de 15.333,67 euros, executará a renovación das instalacións do parque infantil localizado na Rúa da Emigración.

En concreto, trátase dunha axuda concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer as obras cuxo proceso de licitación comezará nas vindeiras datas. Así pois, as labores supoñerán a colocación dunha corda tirolesa de 25 metros de lonxitude, así como a reparación e reinstalación dos xogos

existentes, que se complementará co cambio de localización do mobiliario co que conta actualmente o parque infantil.

Deste xeito, a instalación adaptarase á nova estrutura prevista e facilitarase o acceso aos distintos xogos dos que disporán os nenos e nenas de Vilalba. E para iso, o Concello de Vilalba procederá á demolición e retirada do actual pavimento amortecedor e ás soleiras de formigón que conforman a súa base, para logo instalar un novo pavimento de seguridade “con acabado de céspede artificial, que se integrará á perfección co aspecto visual das inmediacións do parque”, apuntou a rexedora vilalbesa.

## Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?





# Renda anuncia os cambios na sinalización do casco histórico

O Concello de Vilalba mellora a sinalización do Centro Histórico, na liña do reclamado polos negocios da zona. Así o anunciou o tenente de alcalde e responsable de mobilidade, Modesto Renda, quen deu conta dos cambios acompañado da edil de turismo e comercio, María Xosé Fernández.

A primeira das reclamacións dos establecementos comerciais ía encamiñada a por fin ás queixas dos visitantes, no relativo á insuficiente sinalización do aparcadoiro público das Pedreiras.

Así colocouse nova sinalización vertical nas rúas da Pedra e Plácido Peña e dúas na praza de Santa María.

Tamén se reforzou a sinalización do sentido de circulación obrigatorio en Coronel Pena e an Porta de Cima. “Unha medida tamén encamiñada a poñer fin ás queixas e dúbidas dos/as visitantes, no relativo ós sentidos únicos obrigatorios que menos se están a respetar na zona vella”, dixo Renda.

Ademais, fíxose a correcta sinalización dos accesos ao centro urbano desde a rúa da Ferrería.

“Unha demanda (de anos) dos establecementos comerciais e hostaleiros, coa que se lle facilitará a entrada ó centro urbano ós visitantes que acceden a Vilalba dende as autovías”, engadiu.

Outra modificación foi o acceso pola rúa García Mato para o tráfico rodado prohibido, agás para os residentes con garaxe. Esta é unha reclamación neste caso máis veciñal que comercial que porá fin aos estacionamentos nesta rúa de dirección única e pouco marxe circulatorio, que tantos problemas estaban a dar ós residentes á hora de poder saír dos seus garaxes, tal e como explicou Renda.

Finalizaron coa correcta sinalización



da limitación do estacionamento na fase piloto de peonalización da praza de Santa María. “Outra reclamación lóxica dos establecementos comerciais e hostaleiros, tamén, en aras de facer máis sinxelo o cumprimento das novas normas a veciños/as e visitantes, coa colocación de varios paneis informativos nas entradas da praza, concluíu.

**CARGA E DESCARGA.** Renda anunciou tamén a habilitación de seis novas zonas de estacionamento de carga e descarga no centro urbano de Vilalba.

Esta medida, que tal e como explicaron, busca “dar resposta ás necesidades e ás demandas dos establecementos comerciais que, dende o mesmo inicio da lexislatura, foron trasladadas ó Concello”.

Así, as novas prazas sinalizáronse na avenida Terra Chá, nas rúas Campo de Puente, Plácido Peña, Galicia (2) e praza da Constitución.

Esta elección fíxose en base a unha análise de campo e, “como non podería ser doutro xeito”, coa colaboración dos axentes da Policía Local.

Ademais, dende o Concello procedeuse a dar solución permanente ás discrepancias en relación cos horarios, mediante a unificación de todos os estacionamentos de carga

e descarga, en base ao criterio habitual. Os laborables será de 09:00 a 12:00 e de 17:00 a 19:00 horas, agás os vehículos autorizados, que teñen un máximo de tempo de 30 minutos. Os sábado laborables o horario é de 9:00 a 12:00.

Como única excepción no tocante á necesaria unificación, fíxose o da Praza da Constitución xa que, ao ser unha zona de lecer para nenos/as, eliminouse a opción de carga e descarga pola tarde, sinalizándose de 9:00 a 12:00 laborables e sábados.

**MOBILIDADE REDUCIDA.** O tenente de alcalde e responsable de Mobilidade, Modesto Renda, anunciou a ampliación das prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida (PMR) en varias rúas do casco urbano. Unha medida, que tal e como explicou pretende “dar resposta ao grande número de solicitudes de familiares e veciños/as dependentes que recibiu dende o inicio da lexislatura.”

Así, as catro novas prazas delimitáronse na avenida Terra Chá e nas rúas Campo de Puente; Cidade de Lugo e A Revolta, sendo estas elixidas en base a unha análise de campo realizado pola área de mobilidade en estreita colaboración cos axentes da Policía Local.

# O Pleno aproba o cambio de ordenanzas fiscais e servizos sociais

A sesión plenaria correspondente ao mes de maio aprobou, ademais da modificación de varias ordenanzas municipais sobre impostos, unha nova Ordenanza Reguladora das Prestacións Municipais de Emerxencia Social.

Trátase neste caso dun documento elaborado polo persoal dos servizos técnicos municipais do departamento de Servizos Sociais encamiñada a regular as axudas en casos de emerxencia social. Entre os que se inclúen achegas a transeúntes, para compra de alimentación, pagamento de alugueiro ou hipoteca, recibos de luz e gas, e gastos médicos non cubertos polo Servizo Galego de Saúde, entre outros.

Nesta liña, “a ordenanza pretende solucionar as dificultades e reparos de intervención que se presentaban para poder dar axudas en casos de emerxencia social ao non contar no Concello cunha ordenanza municipal específica”, explicou a alcaldesa e concelleira de Servizos Sociais, Marta Rouco, quen ademais sinalou “a importancia de atender estes casos específicos de emerxencia social, de tal forma que se atenda a persoas máis aló daquelas que xa contan con informes técnicos nos Servizos Sociais municipais”.

**ESCOLA INFANTIL.** Pola súa banda, o pleno tamén aprobou a modificación do Regulamento Municipal de Réxime Interior da Escola Infantil de Vilalba, cuxos cambios irán encamiñados a adaptar os criterios de subvencionalidade ás normas establecidas pola Xunta de Galicia.

Así mesmo, o novo regulamento especificará máis detalladamente a resolución que se dará en caso de faltas prolongadas do alumnado e ampliará o prazo de pago de taxas. Así pois, o departamento de Servizos Sociais do Concello “tamén se viu na obriga de modificar a ordenanza fiscal da Escola Infantil Municipal para poder adaptala aos cambios do Regulamento Interno e polo tanto tamén votamos esa modificación na sesión plenaria”, explicou a rexedora, Marta Rouco.

## CONCELLOS EMPRENDEDORES.

Outras modificacións de ordenanzas aprobadas foron as do IBI, IAE e ICIO, para incluír bonificacións e poder entrar na iniciativa Concellos Emprendedores.

As dúas ordenanzas foron aprobadas por unanimidade.

Unha ordenanza que cambiará malia contar coa abstención do PP é a reguladora de tráfico para incluír a ampliación da zona azul no centro de Vilalba.

Así mesmo tamén se aprobaron por consenso dous proxectos de obras na zona rural, o primeiro melloras no barrio da Abelaira, en Corvelle, e a de Picoi, en Árbol. Así como as das vías de Alba, Belesar, Rioaveso e Román.

Abstívose o Partido Popular tamén sobre as modificacións de crédito para as obras de reforma da escola do Santo e a liquidación de 25 proxectos de mellora de pistas municipais. No segundo figura a reforma da pista do CEIP Mato Vizoso e os cambios do parque da rúa Emigración.

## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

### Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 · 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo · 27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es





## EN BREVE



**MESTURA DE NETE.** O festival solidario que Mestura de Nete celebra todos os anos recadou nesta edición un total de 4.300 euros, que irán destinados a Alucem, Asociación Lucense de Esclerose Múltiple. Os cartos proceden das practicamente 300 entradas vendidas, algunhas delas en fila 0 e do reparto de rifas.



**CENTENARIA.** O club dos centenarios vilalbeses sumou unha nova integrante, Julia Otero, que vén de cumprir 100 anos o pasado martes 22 de maio e de recibir a correspondente visita da alcaldesa para felicitala. Marta Rouco desprazouse ata a parroquia de San Juan de Alba para felicitar persoalmente a Julia Otero no seu domicilio familiar e agasallala cun ramo de flores

## O PP critica á Rouco por impedir levar a votación as súas iniciativas

O PP de Vilalba volve denunciar a “actitude ditatorial” da alcaldesa e a “permisividade” do goberno bipartito tras converter, unha vez máis, unha iniciativa do Grupo Municipal Popular nun rogo: “a alcaldesa continúa preferindo agocharse e non manifestarse claramente a favor ou en contra das propostas que elevamos ao pleno da Corporación sobre asuntos que afectan directamente aos veciños e veciñas de Vilalba”. Así mesmo, a portavoz, Sandra López, incide tamén en que “os seus socios de goberno agora quedan mudos” cando “no anterior mandato dende a oposición definían esa decisión como “un atropelo democrático sen precedentes na historia do Concello de Vilalba”.

“O goberno bipartito insiste en tratar de silenciar á oposición ao mesmo tempo que demostra o pouco que lles interesan os vilalbeses e vilalbesas”, subliña a popular.

Os concelleiros do Partido Popular continuarán a propoñer iniciativas que consideren de interese para o municipio e os vilalbeses e a trasladar propostas dos propios veciños e veciñas. Así o fan a través das preguntas que dirixen en cada pleno aos membros do equipo de goberno



“porque os vilalbeses merecemos respostas”. Nesta ocasión esixen explicacións sobre a limpeza e servizos en instalacións municipais, a renovación de contratos caducados, a programación de cultura e ocio para este verán, a regularización das terrazas, a RPT, o PXOM, o servizo de vao ou os anuncios sobre as obras na Casa do Concello ou o cambio de sentido da rúa da Pravia.

**FIV.** Os concelleiros populares trasladan a súa preocupación pola situación da marca FIV de Vilalba que “é patrimonio do noso Concello” e piden unha reunión coa área de Cultura que xestiona Vilalba Aberta.

O PP vén de obter resposta por es-

crita á pregunta que formulara no pleno de xaneiro, unha vez ter coñecemento de que a empresa adjudicataria do contrato para a organización do festival pretendía rexistrar a marca FIV de Vilalba, sobre as accións que tiña previsto levar a cabo o goberno local en relación a este asunto.

Os concelleiros din que “os responsables do goberno local confían na boa fe da empresa”, pero “non chega coa declaración de boas intencións. O goberno municipal ten que traballar para que o propietario da marca sexa o Concello”. E advirten que “se unha empresa ten rexistrada a marca FIV podería levar se quixera o festival, por exemplo, a Vigo”, advirten.

### O Concello informará a través dunha canle de Whatsapp

A Alcaldía de Vilalba pon en marcha un novo servizo de información municipal vía Whatsapp. Con este novo servizo, os veciños e veciñas poderán coñecer as últimas novidades sobre a actividade municipal, a axenda, obras, convocatorias, avisos urxentes e outras noticias e informacións de interese. O servizo consiste nunha lista de difusión, non é un grupo no servizo de mensaxería. Para acceder a esta canle de Whatsapp da Alcaldía de Vilalba, só hai que agregar á axenda de contactos o número teléfono 648 199 486 e enviar unha mensaxe coa palabra ALTA.

### Vilalba terá unha oficina para renovar o DNI

Vilalba logrou o acordo para a instalación dun Punto de Actualización de Documentos (PAD). O PAD estará nas instalacións da Casa do Concello e permitirá aos veciños e veciñas renovar o DNI electrónico, que ten unha validez de dous anos e ata o de agora hai que desprazarse á oficina da Policía Nacional en Lugo para poder facelo.

“Desta forma, melloramos os servizos para os vilalbeses e vilalbesas, que poderán realizar trámites de forma máis sinxela e rápida e nunha situación moito máis próxima e

cómoda para todos”, sostén a alcaldesa, Marta Rouco.

A instalación deste punto de actualización deriva dunha reunión mantida o pasado 15 de maio pola alcaldesa de Vilalba coa Policía Nacional de Lugo.

Ademais, os veciños e veciñas disporán no concello do asesoramento necesario en caso de dúbidas ou consultas.

Vilalba xa conta co servizo de DNI rural, que permite renovar o DNI na Casa do Concello e que funciona un día ao mes, menos xullo e agosto.

### O barrio de San Xoán está preparado para o día 23

A Asociación Cultural de Veciños do Campo de San Xoán celebrará, un ano máis, as festas na honra do seu patrón, o 23 de xuño. Estas darán comezo ás 12,00 cun obradoiro de retratos a cargo de Isabel Pardo. Pola tarde haberá máis actividades culturais, como un obradoiro clown, con Stephanie Cubides, ás 17.00 horas, e unha representación de Curuxán.

A actuación previa ao tradicional acendido do lume de San Xoán, ás 22.30 horas na praza de Santa María é unha sorpresa. Porén si se sabe que a Escola Municipal de Teatro en-

cargarse da fogueira, na praza de San Xoán, ás 23.30. Pasada a medianoite terá lugar o concerto de Buxos Verdes, en primeiro lugar e despois de Feral Booty. Rematarán cunha sesión de DJ.

**NOCHE.** Noche celebrará o San Xoán cun catering e unha actuación musical de Aixa Romay.

Terá lugar na carpa do campo da escola ás 14.30. O menú estará composto por un salpicón de rape, costela de porco asado, sobremesa e pan; ademais de viño, cervexa, refrescos e auga con café, licor e queimada.

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus



# Novalux alerta da necesidade de utilizar lentes de sol de calidade

A chegada do bo tempo e a calor traen consigo o uso de lentes de sol para protexerse dos raios solares nas horas de máis luminosidade. Elixir o tipo de lente solar adecuada a cada un depende moito das necesidades específicas que se presenten, da contorna nas que se usen e das actividades a realizar. Pero, é recomendable que nesa elección se conte sempre coa recomendación dun profesional da óptica, que axudará a atopar a mellor opción e tamén ofrecerá un produto de boa calidade, que bloquee ao cento por cento os raios UV.

Dende Novalux alertan do uso de lentes de sol de mala calidade. Aínda que estas sexan escuras, se non teñen unha adecuada protección UV, tanto dos raios UVA como UVB, os ollos poden estar en maior perigo porque as pupilas se dilatan, permitindo que máis raios daniños entren no ollo, creándonos unha falsa sensación de seguridade. Ademais as lentes de baixa calidade poden causar distorsión óptica, o que provoca fatiga ocular, dores de cabeza ou mareos ao final do día.



Novalux lembra que o uso das lentes de sol é importante para reducir o risco de sufrir enfermidades oculares a longo prazo, como cataratas, pterigium, dexteneración macular ou queratitis. Así mesmo son moi recomendables para evitar cegamentos en actividades con luz solar intensa, como pode ser a conducción ou deportes de auga e neve. Hoxe en día existen lentes específicas para cada necesidade: polari-

zadas, de alto contraste, fotocromáticas... todas con opción a graduar coa corrección visual adecuada.

Polo tanto, os consellos que ofrece Novalux se estas valorando adquirir unha gafa de sol, son buscar asesoramento profesional, optar por fabricantes de confianza e verificar a documentación que asegure que proporcionan a protección necesaria contra os raios UV daniños.



## Sacan a concesión tres postos libres no mercado

Iniciouse o procedemento aberto de concesión para a adxudicación de tres postos vacantes no Mercado Municipal da Rúa dos Pepes que se realizará mediante procedemento aberto por sorteo e será outorgada por un prazo de dez anos.

Para poder optar á concesión, os interesados deberán presentar as súas proposicións no Rexistro Xeral do Concello ata o vindeiro luns día 10 de xuño, nas que deberán incluír unha declaración responsable, a acreditación da personalidade do licitador e unha oferta técnica na que se especificará a actividade de venda e o posto que se solicita.

En concreto, a oferta inclúe un posto dunha superficie de 13,17 metros

cadrados, outro de 17,26 metros cadrados e finalmente un posto de 41,43 metros cadrados nos que se poderá vender, expoñer e depositar produtos alimenticios para o consumo propio de carnicerías, tendas de polos, casquerías, tendas de ovos, peixaría, charcutería, salgaduras, conxelados, froitos secos, postos de verduras, panadería-bolería, confeitaría, encurtidos e herbolarios.

Ademais, tamén se poderá autorizar a venda doutros produtos que satisfagan as necesidades da poboación, entre os que se atopan os de droguería, enxoval, artigos de agasallo, floraría, roupa, calzado, marroquinería, marquería e outros de natureza semellante.



### EDUCACIÓN DE ADULTOS

- Galego e Castelán para Inmigrantes
- CUALE B1 Inglés
- Educación Secundaria Adultos
- Bacharelato Semipresencial



✉ ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal

☎ 982 87 08 60

📍 Cuart de Poblet S/N 27800 Vilaíba

📱 @iesloispenanovo

🌐 www.iespenanovo.com

## CICLOS FORMATIVOS

### Grao Básico

- Informática de Oficina
- Mantemento de Vehículos

### Grao Medio

- Electromecánica Vehículos Automóbiles
- Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- Instalacións Eléctricas e Automáticas
- Sistemas Microinformáticos e Redes **NOVIDADE**

### Grao Superior

- Administración Sistemas Informáticos e Redes
- Administración e Finanzas
- Mecatrónica Industrial
- Asistencia á Dirección **NOVIDADE**



### Formación de futuro

Combinación da formación do alumnado no centro educativo coa súa formación e a súa actividade profesionalizadora na empresa



### FP Dual de Ciclo Completo

- Ciclo Superior de Mecatrónica Industrial
- Ciclo Superior de Asistencia á Dirección



## Invisten na renovación de infraestruturas municipais

A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes adjudicou obras por 332.602 euros destinadas á rehabilitación e acondicionamento das vías de comunicación nas parroquias pontesas e a mellorar diversos equipamentos municipais.

Así, axudicou a Huso 29 Estudios y Construcciones S.L a construción dunha galería cuberta nas actuais instalacións do campo de tiro con arco, asentado no Poboado das Veigas. O proxecto, cun orzamento de 211.000 euros, con cargo a fondos propios, permitirá a execución dunha nova instalación que se localizará no extremo final da actual zona de tiro para, deste xeito, investir o sentido da mesma e evitar que á luz do atardecer afecte á visibilidade dos arqueiros.

Executarase dunha nave cuberta e pechada, que servirá de almacén para os parapetos das dianas e outros útiles de tiro e cuxa cuberta se prolongará catro metros para xerar un soportal onde poder adestrar, ao aire libre, completamente protexidos das condicións meteorolóxicas adversas.

Construirase tamén unha nova soleira que servirá como liña de tiro exterior para poder organizar competicións oficiais, localizada a 90 metros da zona cuberta que existe na actualidade. O volume construído terá unha cuberta a unha soa auga en caída cara á zona do soportal sendo a superficie útil da nave almacén interior de 261 m<sup>2</sup> e a do soportal exterior cuberto de 101 m<sup>2</sup>.

Por outra banda adjudicou a Construcciones Guerreiro Somozas S.L o proxecto de construción dunha bancada cuberta para o campo de herba artificial Evaristo Puentes, situado no

Poboado das Veigas.

O proxecto, cun orzamento de 97.913 euros, con cargo a fondos municipais, permitirá dar resposta á demanda dos clubs deportivos da vila que empregan esta instalación, así como dos espectadores que, cada fin de semana, se achegan ata o campo Evaristo Puentes para gozar de diferentes competicións deportivas sen sufrir as consecuencias das inclemencias meteorolóxicas, dunha forma cómoda e axeitada.

A bancada situarase no lateral noroeste do campo, centrada na metade do mesmo e ocupando o espazo libre existente entre o campo e o peche vexetal que separa as instalacións deportivas da Ronda do Poboado. A superficie construída da cuberta da bancada será de 142,50 m<sup>2</sup> e a bancada disporá de 7 pórticos metálicos con protección con galvanizado en quente, que ocuparán 30 metros de lonxitude e 4,75 metros de ancho, albergando a 168 persoas en asentos sen respaldo fabricados en PVC.

Ademais a bancada cubrirá tamén os dous metros de ancho de beirarrúa existente que separará a bancada do campo de xogo, ofrecendo maior protección aos espectadores que acudan ao campo a gozar das competicións deportivas así como aos diferentes clubs que fan uso desta instalación.

Por último, tamén adjudicou a José Nomantiñan e Hijos S.A as obras traballos de mellora dos viarios en Cancelas, Poupariña, Esvedral, Penapurreira e Ramallal-Louseira co obxectivo de dotalos dunha maior calidade, tanto estrutural como superficial, para garantir, deste xeito, a seguridade do tráfico.

## Adjudican as obras de mellora do Poboado da Fraga na sexta fase

O Concello das Pontes adjudica a sexta fase das obras de mellora de servizos e pavimentos no poboado da Fraga, á empresa Construcciones Leonardo Miguez S.L.

Trátase dun proxecto cun orzamento de 162.244,19 euros, financiado pola Deputación da Coruña, que permitirá a renovación do pavimento das beirarrúas con lastras de formigón recto e a colocación de bordos nos encontros coa estrada mentres que a separación entre a beirarrúa e as zonas verdes realizarase con bordo de xardín, mantendo os criterios estruturais e estéticos das fases anteriores, empregando a mesma tipoloxía de materiais.

Ademais, entre os traballos previstos, inclúese a instalación de novo mobiliario urbano, bancos e papeleiras, en toda a zona obxecto da intervención.

**MEDIO RURAL.** O Concello investirá 84.542 euros da Deputación nas obras de mellora das vías de Niño de Azor na parroquia do Freixo. O



obxectivo desta actuación é darlle continuidade ás diferentes actuacións levas a cabo con anterioridade nesta vía desde a súa conexión coa AC-101 así procederase a pavimentar un novo tramo ata o cruce que dá acceso ó núcleo de Niño do Azor. Tamén investirá 109.346,76 euros nas obras de mellora da seguridade viaria no Paraño, que dá acceso e servizo ao núcleo poboacional, dotándoo dunha calidade óptima, eliminando a rasante do viario que na actualidade se atopa a cunha cota, en moitos casos, superior ao acceso

ás vivendas existentes.

Ademais, Déronse por concluídas as obras de mellora dos camiños rurais en Terbá e Pena do Curro, un proxecto cun orzamento de 55.981 euros con cargo aos Fondos Agader.

Ambas actuacións tiveron como obxectivo mellorar a seguridade viaria e evitar que se siga producindo a degradación deste camiños a través da rehabilitación dos mesmos para dotalos dunha óptima calidade, tanto superficial como estrutural para aumentar a comodidade e seguridade que esixe este tipo de viarios.

### PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

Ao abeiro do Programa Integrado de Emprego vén de comezar un novo ciclo de accións formativas que teñen como obxectivo mellorar a empregabilidade. No mes de xuño botou a andar o curso de auxiliar de produtos frescos dirixido a de 15 participantes, con 50 horas de formación teórica e 50 horas de prácticas non laborais en empresas para o alumnado que supere a parte teórico-práctica en aula.



**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O'Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**

**Ven a probar os nosos cocidos**

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**ēbus**

Rúa Campo de Puente 65 baixo  
VILALBA  
T: 982 523 499 / 623 552 876  
ebusobradoirodoce@gmail.com  
Facebook: EBUS Obradoiro Doce

### As Pontes Ecuestre celebrase o 9 de xuño no lago

A segunda edición de As Pontes Ecuestre xa ten data. Celebrase o domingo 9 de xuño no lago.

O Club Hípico Prado Ventura asume este ano as rendas da organización do evento, no que colaboran o Concello das Pontes, a través da Concellería de Deportes, e a Federación Hípica Galega.

A cita acollerá varias competicións e probas: o Concurso de Saltos Territorial (CST) Derby de As Pontes, e sendas probas do Campionato Galego de Andadura e do Campionato Galego de Enganche, ademais dun torneo triangular de horseball.



# O Pleno aposta por crear solo industrial nos terreos da térmica

O pleno do Concello das Pontes debateu o destino e os usos futuros das instalacións da central térmica e a súa posible declaración como Ben de Interese Cultural (BIC), como solicitaba o grupo municipal do BNG. O pleno rexeitou a proposta dos nacionalistas e propón por unha solución similar á empregada no complexo térmico de Meirama, en Cerceda, onde a Xunta aposta pola creación de solo industrial nos terreos que ocupaba a térmica.

“As Pontes conta con 600.000 metros cadrados de solo industrial nos terreos que ocupa a central térmica que, unha vez demolida, permitiría a creación dun novo polígono no que se instalen industrias que poden xerar actividade económica e centos de empregos no municipio”, explicou o alcalde, Valentín González Formoso.

O Goberno de Formoso defendeu que a declaración de BIC da central suporía importantes eivas para o municipio como a perda de solo industrial, uns gastos de conservación superiores a 1,4 millóns de euros anuais que nin Xunta de Galicia, nin Concello das Pontes nin Endesa están dispostos a financiar así como a perda dos numerosos empregos



## EN DETALLE

**CONGRESO.** A Comisión de Facenda do Congreso deu luz verde á proposición non de lei do BNG para que o Goberno negocie un mecanismo de compensación pola perda de recadación municipal nos impostos de Actividades Económicas (IAE) e dos Bens Inmóbeis Urbanos de Características Especiais (o IBI-BICES) derivada do fechamento das centrais térmicas. Ademais reclámase a convocatoria dos concursos de transición xusta nestas comarcas cuestión xa reclamada tamén na comisión de industria.

**AXUDAS.** O DOG publicou as axudas para impulsar proxectos singulares de mellora da sustentabilidade enerxética en empresas. Unhas achegas cuxo importe ascende a 7 millóns de euros que serán financiados co Fondo de Transición Xusta e favorecerán a mobilización de 15,5 millóns de euros ao tempo que contribuirán á creación ou mantemento de máis de 150 postos de traballo. Neste sentido, dárase prioridade á creación de emprego nos concellos máis afectados polo peche das centrais térmicas.

que para as empresas auxiliares supoñen as tarefas de demolición da central.

Ademais, desde o goberno municipal apuntan que experiencias similares, como a levada a cabo en Ponferrada, xeran só 19 empregos e 58.000 euros de ingresos por visitas. “Unha solución moito peor que destinar eses terreos a proxectos industriais ou enerxéticos, ben da man da propia Endesa ou de terceiras compañías interesadas en implantarse nas Pontes”, explicou o alcalde.

Manter o patrimonio mineiro Neste sentido, o goberno de Formoso defendeu no pleno as numerosas accións de recuperación e posta en valor da historia e do patrimonio material de medio século do Concello das Pontes como referencia da produción eléctrica como a creación do Centro de Interpretación A Mina.

O concello conserva ademais pezas de maquinaria singulares como a única escavadora de rodete da península ibérica, ou máquinas cortacabezas e portarrollos que pretende restaurar e conservar para as futuras xeracións.

A conservación da escola de aprendices, do edificio de transformadores da Calvo Sotelo ou a protección urbanística do poboado das Veigas polo seu alto valor patrimonial e histórico son outras das accións do goberno municipal para conservar o legado da historia do municipio.

## O BNG reclama a construción da Residencia

O BNG das Pontes reclama ao Concello a construción da Residencia das Pontes. “Vai un ano dende o último anuncio sobre da Residencia, todos eles incumpridos e en plena campaña das municipais: da demanda á Xunta en 2007, pasando polos 5 millóns de euros confirmados do Plan do Carbón para iniciala na Canle IV con 100 prazas en 2011, ata o medio millón da Deputación para as 49 prazas no Hospitalillo das Veigas”.

“En maio de 2023, coincidindo coa Festa dos Maiores e, como non, coas eleccións municipais, o PSOE volveu anunciar e asinar un convenio coa Deputación, polo que a administración provincial obrigábase a contratar un estudo xeotécnico e o proxecto básico para a Residencia, que sería comarcal e cunhas 40 prazas; pola súa parte, o goberno municipal comprometéase a poñer a disposición da Deputación os terreos do antigo colexio Pardo Bazán”, explican. Afirman que dende que o alcalde asinou en decembro de 2023 a compra da Pardo Bazán por uns 315.000 euros, “cun expediente irregular segundo os propios servizos técnicos municipais, nada sabemos do convenio, da súa prórroga, do proxecto, da súa contratación, nin da Residencia.

OFERTA FORMATIVA

**01 ESO**

**02 ESA (ESO para adultos)**

**03 FP BÁSICA**

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos

**CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO**

- Electromecánica de vehículos automóbiles
- Sistemas Microinformáticos e Redes
- Soldadura e Caldeiraría (FP Dual)

**05 CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR**

- Administración e Finanzas
- Mantemento Electrónico (FP Dual)

**06 ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS**

- Inglés todos os niveis

Cursos de Certificación A2-C1  
Curso Semipresencial B2  
Clase de Conversa Básica  
Clase de Conversa Intermedia

**07 AULA DE EMPRENDIMIENTO**

(coa finalidade de impulsar as habilidades persoais e profesionais encamiñadas a potenciar o emprendemento e o autoemprego)

Rúa José María Penabad López s/n  
15320 As Pontes (A Coruña)  
Teléfono 881 93 00 01

ies.castrodauz@edu.xunta.gal  
<https://www.facebook.com/iescastrodauz>  
<https://www.instagram.com/castrodauz/>  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>






**JRoca**  
INMOBILIARIA

**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

---

**Calle Alcalde Fraga Bello, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 145m<sup>2</sup> 93.000€  
En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, próxima al ambulatorio de la localidad, se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción individual, ascensor, amplia terraza cubierta, una plaza de garaje en el sótano del mismo edificio y dos trasteros, uno de ellos acondicionado como oficina.

**Calle Placido Peña 3, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 107m<sup>2</sup> 107.000€  
En pleno centro de Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina, armarios empotrados. La vivienda tiene calefacción de gas natural, preinstalación de aspiración centralizada y dispone de una plaza de garaje amplia en el sótano del mismo edificio, de un trastero y de ascensor.

**José Luis García Mato 1, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 2 Baños | 231m<sup>2</sup> 85.000€  
Se vende en el centro de la localidad de Vilalba (Lugo), una casa de planta baja y piso, para reformar.

**Calle de Galicia, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 98m<sup>2</sup> 97.000€  
En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un piso céntrico, de tres habitaciones y sala, dos baños (uno con bañera y otro con ducha), y cocina equipada. Dispone de calefacción, ascensor y una plaza de garaje. A mayores, si se precisa un piso más grande, es posible comprar la vivienda que está al lado y que está disponible. La cual tiene una superficie de unos 89 metros cuadrados construidos, con el correspondiente incremento de precio. Es decir, se puede tener un piso de más de 190 metros cuadrados construidos con dos plazas de garaje.

**Chao Ledo 1, Vilalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m<sup>2</sup> 73.000€  
En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

**Avenida da Terra Cha 80, Vilalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m<sup>2</sup> 80.000€  
En Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina amueblada. La vivienda dispone de calefacción de gas ciudad, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta. Se sitúa en el número 104 de la avda. Tierra Llana de Vilalba, justo por encima de la calle que lleva al cuartel de la Guardia Civil.

**Betanzos 5, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 2 Dorm | 1 Baño | 144m<sup>2</sup> 25.000€  
En la localidad de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, a reformar, en la que hay un garaje de 46 metros y dos plantas de 49 metros cada una.

**Refingoi, Vilalba**  
Casa rural | 2 Dorm | 1 Baño | 97m<sup>2</sup> 30.000€  
En la parroquia de Codesido, barrio de Refingoi, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar, lista para vivir. Dispone de dos dormitorios, sala, cocina y un baño. A mayores tiene un garaje, un alpendre y un terreno de 578 metros cuadrados.

**Calle Nova 18, Vilalba**  
Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baño | 124m<sup>2</sup> 60.000€  
En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar a reformar, la casa tiene una superficie, repartida en dos plantas, de 124 metros cuadrados, a mayores hay un almacén de unos 90 metros cuadrados más y la parcela tiene un total de 414 metros cuadrados. La propiedad tiene salida a dos calles.

**Vilar do Castelo 7, Xermade**  
Casa rural | 2 Dorm | 0 Baños | 184m<sup>2</sup> 27.000€  
En la localidad de Cazas, Xermade (Lugo), a unos 11 km de Vilalba, se vende casa rural, a reconstruir por dentro, fachada y tejado en buen estado.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles Comunidades - Penal**  
Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)  
Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)  
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720  
[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

## As Pontes bonificará o IBI aos propietarios dos terreos das Fragas

Os concellos da Capela, As Pontes, Cabanas, Monfero e Pontedeume bonificarán o IBI aos propietarios dos terreos dentro do Parque Natural das Fragas do Eume como compensación ás limitacións nos usos dos mesmos que supuxo a aprobación do Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) por parte da Xunta de Galicia o ano pasado. As bonificacións fiscais, que poden chegar ao 95 %, serán aprobadas e reguladas por cada un dos concellos en base á lexislación vixente.

Así se recolle no protocolo asinado no Concello da Capela polo alcalde deste municipio, Manuel Meizoso; o rexedor das Pontes, Valentín González Formoso e o de Monfero, Andrés Feal Varela, ao que se sumarán tamén os municipios de Pontedeume e Cabanas, que non puideron asistir á sinatura deste acordo.

“O protocolo entre os cinco concellos busca aproveitar a oportunidade que nos dá a lexislación tributaria para bonificar o Imposto de Bens Inmóviles (IBI) que están dentro do ámbito do parque natural das Fragas do Eume”, explicou o alcalde das Pontes e presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, que destacou que “o certo é que ser propietario no ámbito deste parque



implica a día de hoxe ter unha serie de condicionantes e limitacións importantes nos usos das súas propiedades, polo que entendemos que estas persoas teñen que ter tamén algún tipo de compensación”.

“Igual que esiximos compensacións á Xunta, os concellos queremos tamén dar exemplo con accións coma esta que son da nosa competencia, e que non van supor unha contía económica importante, pero si é un sinal de coherencia e compromiso con centos de persoas que ven limitados os usos dos seus terreos e propiedades”, afirmou Formoso tras a rúbrica do acordo.

Formoso lembrou que “os alcaldes dos cinco municipios, xunto cos propietarios, levamos tempo demandando á Xunta compensacións

pola limitación de usos que supuxo a aprobación do PRUX. Unhas compensacións que se están aprobando noutras comunidades e que contan con fondos europeos a través do Fondo de Garantía Agraria da Unión Europea, pero que non se están empregando para este fin”, apuntou.

Os propietarios dos terreos do parque natural das Fragas do Eume levan máis dun ano manifestándose de forma periódica para demandar á Xunta de Galicia un Plan Reitor “consensuado” e que inclúa “compensacións xustas” polas limitacións nos usos das súas fincas. O colectivo de afectados, que agrupa a centos de persoas, presentou un recurso contencioso-administrativo contra a aprobación do Plan Reitor, que foi admitido a trámite.

## A vila acolle a terceira Romaría das Merendas

O grupo de música tradicional No Cóbaro e o Concello das Pontes organizan a terceira edición da Romaría das Merendas que será o sábado 15 de xuño.

Un día enteiro de música e diversión, ambientado nos anos 50, na Fraga de Dona Rita, e na que se recuperará o esplendor dunha romaría de sempre

Esta celebración está aberta a todos os públicos e só é preciso levar unha mantíña, unha cesta coa comida e moitas ganas de diversión. O programa arrancará ás 13.00 cunha sesión vermú que se prolongará ata as 15.00 horas. Contarán con Aquí e Alá de Outes e Lousame, Xermolos de Guitiriz e Brixta de Ferrol. Continuarán as merendas a partir



das 15.00 horas, e de 18.00 a 23.00 horas haberá unha foliada estelar coa participación de Os Netos do Escribano, Buxainas, Axeigo, Embuxo, Curuncunca y Los Panda, Nimbos, Toma de Terra e o anfitrión, No Cóbaro.

### EN BREVE

**SAN XOÁN.** Con motivo da celebración das cacharelas da noite de San Xoán e San Pedro nas Pontes, as persoas, asociacións ou entidades organizadoras deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello antes das 14,00 horas do 21 de xuño, a correspondente comunicación previa, ou solicitude de autorización.

**VILARBÓ.** Está aberto o prazo de matrícula para as Acampadas na Natureza Vilarbó. O multiaventura é do 5 ao 16 de xullo e o Robinson, do 23 ao 30 de xullo. A recollida e entrega de inscricións é no Polideportivo Municipal, ata o 25 de xuño.

**PUNTO.** Con motivo do Día Mundial de Tecer en Público, Puntadas Con Agarimo organiza unha nova quedada lanera que, nesta ocasión, ademais terá un fin solidario. Será o domingo 16 de xuño, ás 16.00 horas na praza de América das Ponte.




- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

**CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS**

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20  
(O Ramal) Rábade  
Telf. 982 871 103

**URXENCIAS**  
24  
HORAS






CONCELLO DAS PONTES



DE GARCIA RODRIGUEZ



# ROMARÍA DAS MERENDAS

\* velaí vai outro baile \*

Sábado 15 de Xuño de 2024

NA FRAGA DE DONA RITA · AS PONTES

un día enteiro de festa e tradición

... indumentaria anos 50 ...

13 a 15 h · SESIÓN VERMÚ

**AQUÍ E ALÁ** Outes / Lousame -  
**XERMOLOS** Guitiriz - **BRIXTA** Ferrol -

15 h · **MERENDAS ABERTAS A VECIÑANZA, ROMEIROS E ROMEIRAS**

FAISE SABER:

levamos todo da casa · non haberá bochinches de comida nin bebida  
vide xantar, traede a mantiña, a cesta chea de comida e ganas de festa

E DESPOIS DO CAFÉ...

De 18 a 23 h · FOLIADA ESTELAR

con concurso de agarrados e amenización das grandes compañías:

**BUXAINAS** Cedeira - **AXEIGO** Rábade -  
**OS NETOS DO ESCRIBANO** Ortegal -  
**NO CÓMBARO** Da casa - **EMBRUXO** Ordes -  
**CURUNCUNCA Y LOS PANDA** Barcelona -  
**NIMBOS** As Pontes - **TOMA DE TERRA** Terra de Montes

e logo **FOLIADA LIBRE...** nunha verbena de **MOITO CALIBRE!**

ORGANIZA





Concello das Pontes

COLABORA



No Cómbaro





## A Xunta de Galicia inviste 448.000 euros na traída de Seixón



O alcalde de Friol, Jose Ángel Santos, e a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, reuníronse fai uns días, acompañados pola Directora Xeral de Patrimonio Natural, María Sol Díaz e o novo Director de Augas de Galicia, Roi Fernández, para avaliar e activar o proxecto para dotar de abastecemento de auga á parroquia de Seixón. Este proxecto eleva o seu orzamento a case 448.654€, dos cales, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático asumirá o 80%. O restante 20% será costeado polo Concello de Friol.

Durante este encontro, o rexedor trasladoulle á conselleira que o obxectivo é habilitar o servizo de abastecemento nos núcleos desta parroquia, mais concretamente en Seixón de Abaixo e Seixón de Arriba, O Vilar, Subcampo, A Lagoa, O Covelo, Cela e A Abelaira, polo que a previsión é garantir o subministro para todos os habitantes destes lugares, que suman mais de 280 en

total.

Esta actuación permitirá tamén dar servizo ás granxas e explotacións gandieiras situadas nesa contorna, que teñen actividades económicas que pertencen sobre todo ao sector primario.

O alcalde de Friol quixo aproveitar a reunión para analizar tamén con Ángeles Vázquez o estado no que se encontra o proxecto de saneamento no núcleo de Roimil. Neste tema, a Conselleira comprometeuse a que o Goberno galego financie con case 80.000 euros a acometida eléctrica, que é o último paso que queda pendente para a posta en funcionamento da rede de colectores do núcleo e do sistema de depuración.

A Xunta de Galicia continúa prestando o seu apoio técnico e económico aos concellos para que poidan exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento de xeito mais eficiente e prestar servizos de calidade aos seus veciños e veciñas.

## Friol pavimenta accesos no rural por importe de 150.000 euros

As obras que se están levando a cabo son de pavimentación de varios accesos, en seis vias do Concello de Friol, O Bustelo, O Pacio, San Cibrao, Sixto, Porto de Cas e A Pereira, que pertencen ás parroquias de Guimarei e Condes, Pacio, San Cibrao, Xiá e Carballo. Estas obras están sendo executada pola empresa Mantenimiento Forestal MG SL.

Estanse levando a cabo os traballos necesarios para realizar estas obras tan importantes para o Concello de Friol, nun total de algo mais de seis quilómetros de lonxitude, e que suman case 147.981,62 euros, que se financiarán con cargo ao Plan Único.

É un proxecto de importancia para a poboación de Friol, pois trátase de realizar de melloras e mantemento de camiños municipais que benefician ás parroquias mencionadas e en xeral a unha gran parte da veciñanza. As vías obxecto de actuación, mediante pavimentacións, estaban en mal estado debido ás condicións



normais do tráfico, o paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, as condicións atmosféricas e en definitiva o paso de tempo. Polo tanto, as actuacións a realizar foron encamiñadas a reparar as deficiencias que presentaban e a previr que se produciran máis danos.

Todas estas actuacións que se están executando, traerán unha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes das zonas do municipio onde se está actuando, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o

acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

Para o equipo de Goberno isto é algo prioritario e no que procuran traballar cada día, e como di o seu alcalde José Á. Santos "que as vías polas que temos que circular cada día estean en bo estado é prioritario para facilitar o paso e evitar posibles accidentes que poden ocasionarse co mal estado das mesmas, e tamén que todas as persoas que nos visitan ao longo do ano non teñan problemas para circular polas vías municipais".

## Paz Rodríguezponse á fronte do Agader na Xunta de Galicia

A Consellería do Medio Rural prosegue coa reorganización do seu cadro de cargos intermedios. Tras revalidar a José Balseiros á fronte da Dirección Xeral de Agricultura, Gandería e Industrias Agroalimentarias, aprobouse no Consello da Xunta o nomeamento de Paz Rodríguez como nova Directora Xeral de Desenvolvemento Rural, cargo no que sucede a Inés Santé. Rodríguez será tamén direc-

tora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Nada en Monforte de Lemos en 1970, é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña (UDC). Foi xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural da Comarca de Lugo (GDR-4), e ata o de agora traballaba como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Friol.



**MOBELRIAS**

**MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR**  
Especialistas en moble modular e agora tamén  
**DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.**

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

**PLAMOBLE**

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

**SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO**

**FISIOTERAPIA**  
Deportiva  
Neurolóxica  
Traumatolóxica  
Drenaxe Linfático  
E.P.I. / EPTE

**TRATAMIENTOS**  
Accidentes de tráfico  
Lesións Deportivas  
Neurológico  
Traumatolóxico  
Ondas de Choque  
Radiofrecuencia  
Game Ready  
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

[www.boasmans.com](http://www.boasmans.com)  
info@boasmans.com



## Asinada a venda dunha parcela no polígono e obras na zona de Xiá

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou cos representantes de dúas empresas e ante notario os contratos de compravenda dunha parcela do polígono industrial de Chantada e outra do polígono de Friol. Os dous complexos pasaron a xestionarse directamente pola institución provincial trala extinción da Sociedade Urbanística Provincial (Suplusa).

No caso de Friol o mandatario provincial asinou a venda dunha parcela do polígono industrial A Gándara. Trátase da parcela número 15, que adquire a empresa DFJ Salvi Industry S.L. por 33.412 euros, que se dedica ao alugueiro de bens inmobles.

Os alleamentos destes terreos leváronse a cabo a través dun proceso de adjudicación directa, tras os escritos presentados polas empresas, nos que mostraron o seu interese en adquirir as devanditas parcelas.

Desta forma, a día de hoxe, no polígono de Friol están vendidas 28 parcelas, das 55 existentes, quedando

libres 27; e no caso de Chantada, non quedarían parcelas dispoñibles das 49 que ten este parque, pois só quedan sen vender 6, pero xa están reservadas á espera de formalización das vendas.

**OBRAS.** A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación das obras para mellorar un tramo de preto de tres quilómetros na estrada provincial LU-P-2104, de Portadornas a Lameiro, por Xiá. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que subliñou que o investimento para esta actuación é de case 73.000 euros.

As obras consistirán na apertura de cunetas, reparación dos danos e repavimentación entre o inicio da estrada e o punto quilométrico 2,689. O prazo de execución será de tres meses desde o inicio dos traballos. "Trátase dunha actuación relevante, porque esta estrada vertebrada a parroquia de Xiá, unha das máis importantes de Friol", valorou a deputada.

## A comisión avanza o contido do cartel das súas festas patronais

A comisión de festas de Friol, que se celebrarán do 13 a 15 de xullo na honra a Santa Isabel, fixo pública a listaxe de orquestras que actuarán durante os tres días.

Así, preside o listado El Combo Dominicano, e xunto a el estarán Kalima 3.0, Aché, Alianza, Gran Parada e La Duendeneta. O que aínda non se coñece é o horario e as actividades complementarias.



Trátase dun combinado de músicas diferentes para amenizar estas festas que todos os anos reúnen miles de persoas en Friol.

## Friol prepárase para as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia

Friol acollerá do 28 ao 30 de xuño as primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia, que organiza a Consellería do Medio Rural.

Habilitarase unha ampla zona de acampada e unha zona camper para furgonetas e autocaravanas, aínda que cada equipo é libre de xestionar o aloxamento pola súa conta.

A comarca de Friol ten capacidade hostaleira suficiente para dar servizo aos visitantes, contando ademais coa cidade de Lugo a 20 minutos en coche para poder dar hospedaxe a visitantes que non o atopan no propio municipio ou nas casas rurais próximas.

A inspiración para crear estas primeiras Olimpíadas Rurais de Galicia xorde das primeiras olimpíadas rurais que se celebraron en España: as dos Pedroches (Estraña, Córdoba), que desde hai 14 anos congregan cada verán a 48 equipos de todo o sur para competir nunhas Olimpíadas que recuperan os xogos tradicionais dos pobos.

Para esta primeira edición oficial de Galicia exponse a competición cun máximo de 24 equipos chegados de toda a xeografía española, coa idea de ir aumentando cada ano ata un máximo de 48 equipos en futuras edicións.

**PROGRAMA.** As Olimpíadas comezarán o venres 28 de xuño pola tarde coa gala inaugural, na que todos os equipos desfilarán polo pobo ata chegar á praza de Andón Cebreiro, onde estará situado o escenario para ir presentando a cada un dos equipos. Despois da gala inaugural cele-



branse as primeiras probas da competición.

Sábado e domingo pola mañá, ao toque de diana.

Celebrarase un almuerzo conxunto no que os preto de 500 participantes degustarán gratuitamente os mellores produtos da zona: queixo, pan, leite, embutidos, froita etc.

As principais probas que se disputarán nestas Olimpíadas son xogos tradicionais populares como os zancos, os tiradores, o lanzamento de lastra, a carreira de sacos, o garrote, dacabalo, a cucaña, os mizos, as cintas, a corda, a carretilla, a silliña da raíña, a corda ou os cántaros.

O domingo 30 de xuño celébrase a xornada final, coa realización das últimas probas e a gala final con entrega de premios, sorteos, agradecementos e despedida. As Olimpíadas pecharanse nunha comida de confraternización cunha paella xigante gratuíta para todos os participantes.

## Convocadas as festas polo San Xoán en Guldriz e Roimil

A localidade de Guldriz celebrará o 23 de xuño as súas festas de San Xoán cunha comida e posterior actuación, a cargo do grupo Fénix, a partir das 00.30.

As inscricións terán un prezo de 20 euros e é necesario anotarse chamando ao teléfonos de Marcos (622 123 151), Iago (696 249 314), Adrián (663 368 117) e Juan (678 078 681).

Por outra banda, a comisión de festas de Roimil celebrará tamén o 23 de xuño a Festa de San Xoán. Esta terá lugar no local social da parroquia, situado no campo da feira.

As persoas que desexen asistir deberán abonar 25 euros, que inclúe o xantar. Están previstas na festa varias actividades como unha sesión vermú, un xantar, baile, sardiñada e fogueira.

## O Club Fluvial acolle o día 8 un campionato de cans de rastro

A Asociación de Cazadores de Santa María Alta organiza o domingo 9 de xuño unha proba de Cans de Rastro Atrelados sobre Xabaril en Friol, xunto coa Federación Galega de Caza.

Esta proba é puntuable para a Copa Galicia.

A cita e a concentración previa será no Club Fluvial a partir das 8.30 horas. Os 5 premios consistirán en premios económicos de entre 200 e 50 euros ademais de penso.

A participación será libre, só còmpre ter a licenza de caza federativa

O prezo da inscrición é de 55 euros co segundo can a 20 euros.

**SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA**

NEUMÁTICA  
HIDRÁULICA  
TRANSMISIÓN  
HERRAMIENTAS  
ACEITES

**TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO**

CUCHILLAS  
MUELLES  
CORREAS  
RODAMIENTOS

**TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS**

JOHN DEERE eni  
CEPSA BCS  
PETRONAS BZ  
TIMKEN

**TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS**

Milwaukee  
Nothing but HEAVY DUTY.

**RYS SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com



## AXENDA DE ACTIVIDADES

**RUTA CABALAR.** A asociación de Cabaleiros de Labrada celebrará o 8 de xuño unha nova edición da súa Ruta Cabalar ao San Antonio, en concreto número XI, que terá lugar pola mañá con saída ás 10.00 horas do Campo da festa de San Antonio de Labrada. Como en edicións anteriores celebrárase un xantar ás 14.30 horas como colofón da ruta, deixando paso pola tarde a unha sesión musical que estará amenizada por Elixir. Tamén haberá sorteos e agasallos para os participantes. O xantar, consistente en polbo e churrasco, ten un prezo de 25 euros, 15 para os menores de 10 anos, e para apuntarse non é imprescindible ir a caballo. Este martes, día 4 é o último día para anotarse, que debe facerse nos teléfonos 650 171 426 e no 699 024 637.

**PAI.** Abriu o prazo de solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso no Punto de Atención á Infancia para o vindeiro curso 2024/2025. Estas deberán realizarse no prazo

comprendido dende o 1 de maio ata o 15 de xuño de 2024. O modelo de solicitude facilitarase no Punto de Atención de á Infancia.

**TOPONIMÍZATE.** A campaña de divulgación da toponimia galega *Toponimizate. Falámosche dos nomes da túa terra* volverá percorrer neste 2024 as catro provincias galegas na procura de persoas e entidades que se sumen aos milleiros de colaboradores que están a participar na recolla de nomes de montes, leiras, fontes, camiños, regos, devesas e outros microtopónimos a través da plataforma Galicia Nomeada e da súa aplicación para dispositivos móbiles. As charlas Toponimizate 2024 comezaron este mes de xuño e prolongaranse ata novembro. A primeira cita terá lugar en Cualeiro e chegará a Abadín o venres 30 de agosto ás 20:00 h no salón de actos da Casa do Concello. Galicia Nomeada recibiu dende finais de 2019 máis de 76 000 achegas públicas dende 306 concellos do país.

## A Xunta destinará 1,2 millóns de euros á creación dunha residencia

A Xunta destinará 1,2 millóns de euros á construción dunha residencia de maiores en Abadín, cuxa xestión dependerá do Concello. As obras consistirán na rehabilitación e ampliación do edificio do antigo do colexio infantil, actualmente en desuso, para convertelo nun centro residencial con 44 prazas repartidas entre 22 habitacións dobres.

Esta actuación desenvólvese no marco do Plan de investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Goberno galego financia unha vintena de proxectos de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais de titularidade municipal. Un plan acordado coa Fegamp. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, acompañado do delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, visitou o lugar onde se desenvolverán as obras.



Alí destacou o impulso histórico que supón este Plan, tanto na mellora de instalacións, como na creación de 500 novas prazas públicas de atención residencial e outras 150 de atención diurna.

No caso de Abadín, a Xunta financia a máxima contía posible, do total de 2,2 millóns de euros que suporán os traballos. Ademais de ampliar

as dúas plantas do edificio actual, construírase un anexo coas mesmas alturas conectado a través de dous accesos coa construción principal. As zonas comúns situaranse na planta baixa. O Concello encargárase da licitación e contratación das obras unha vez que se asine o convenio de colaboración entre as Administracións autonómica e local.

## O Goberno local saca a licitación varias obras no termo municipal

O Concello de Abadín vén de sacar varias obras a licitación, como o contrato do abastecemento de auga potable á parroquia de Candia na súa segunda fase, con cargo ao Plan Deputación de 2024.

O obxecto do presente programa é a execución da segunda fase da rede de abastecemento de auga potable na parroquia de Candia, que comprende a finalización da rede abastecemento, toda vez que a execución da captación, o depósito de cabeceira e unha parte da propia rede xa foron executados na fase 1.

As unidades de obra proxectadas para o desenvolvemento deste proxecto inclúen as escavacións en gabia necesarias para o tendido da

tubaxe, a 1 m de profundidade, incluíndo o seu posterior recheo con material seleccionado da propia escavación, con aporte de préstamo nalgunhas zonas. A execución das gabias terá lugar extremando as medidas de seguridade, entibando cando sexa necesario. Esta obra ten un orzamento de 133.329 euros.

Tamén está en fase de adjudicación a construción do depósito da rede de abastecemento de auga na parroquia de Castromaior.

Co fin principal de dotar aos habitantes de dita parroquia dun servizo municipal básico, proxéctase a execución dunha rede de abastecemento de auga potable, que se levará a cabo en dúas fases, realizándose a

primeira de elas con cargo á achega correspondente ao Plan Deputación único de cooperación cos concellos 2024. Esta primeira fase contempla a construción dun depósito de auga de 110 metros cúbicos.

O depósito proxéctase de muros e laxa de cimentación de formigón armado, executados in situ, coa cuberta de laxa prefabricada de formigón. A obra ten un orzamento de 79.796 euros con IVA incluído.

**MONCELOS.** Volveu sacar a licitación a obra do pavillón de Moncelos, que consistirá na execución dun peche de vidro nas dúas fachadas que faltan por pechar, de altura variable, seguindo a liña marcada polo peche



de bloque actual. Prevese tamén o tratamento, previo e posterior, dos piares metálicos existentes, sobre os que se aparafusará o novo cerramento. Estableceuse un orzamento de 113.189 euros con IVE incluído. Esta obra está financiada con cargo ao Plan Único da Deputación. Continúan as obras de colocación da cuberta na pista de pádel de Gontán, situada na área recreativa da Roxica.

O proxecto de execución ten un orzamento de 83.711 euros. Así, xa ten instalados os laterais de tres metros máis con chapa translúcida e rexa de lona perforada sobre os tres metros de cristal que ten a instalación. Conta tamén con canos e baixantes e a serigrafía foi realizada con zonas da contorna do Concello. O tellado estará feito por un armazón de ferro.







## O concello de Vilalba finaliza as obras de construción das novas piscinas exteriores da Madalena

A veciñanza e os visitantes poderán gozar dunha nova oferta recreativa que ten como obxectivo ofrecerlle unha nova vida á contorna do río á vez que se dá resposta ás necesidades e gustos de todas as xeracións.



A obra final inclúe tres piscinas: unha infantil de 0,45 metros de profundidade, unha de natación para uso deportivo de 1,70 metros de profundidade máxima e outra recreativa cunha profundidade de 1,20 metros.

No caso do vaso infantil, este conta ademais con surtidores de auga para potenciar e estimular os xogos nesa área.



O proxecto completase con dúas instalacións que forman parte do mesmo edificio semisoterrado pero que son independentes.

Por un lado os vestiarios e baños da praia fluvial que son de acceso totalmente libre e gratuito e por outra banda as propias instalacións da piscina onde hai unha recepción, unha sala de enfermería, baños accesibles e vestiarios tamén accesibles con taquillas e cambiadores independentes dotados todos eles de duchas privadas.



A zona de solarium, entre as piscinas, ten ao carón un notable espazo de zona verde para colocarse tanto ao sol como á sombra.



Concello  
de Vilalba



## A ANPA local pide que se restaure a praza de escolarización preferente

Dende a ANPA do CEIP Lagostelle trasladan o seu apoio as familias de dous nenos do centro que verán diminuídos os seus dereitos o vindeiro curso ao non conceder Educación a praza de Escolarización Preferente que estes xa tiñan dende o 2019. As prazas de escolarización preferente son prazas de mestres especialistas en Audición e Linguaxe ou Pedagogía Terapéutica para atender alumnado con NEE. Os alumnos que xa non contarán o curso que ven con esta figura están diagnosticados có Síndrome de Mowat Wilsom, e Autismo. Ambos contaban con esta praza dende o ano 2019, mais o curso pasado a preferente que tiñan marcha para outro centro. Xusto no ano 2023 non se sacan estas prazas e de xeito transitorio educación outorgalle unha AL provisional, co compromiso de que para o curso 2024/25 terían novamente a preferente. Para estes nenos ter unha mestra

que teña continuidade no tempo é fundamental, xa que pola súa condición levan moi mal os cambios, e necesitan ter un apoio e referente na aula para que teñan unha inclusión real. Sen a súa figura, "moitas veces o que se produce é segregación, porque están na aula ordinaria pero a penas se lles inclúe, porque non todos pero moito profesorado titor descoñece como atendelos adecuadamente". Por iso a praza de preferente é tan importante.

Aseguran dende a ANPA que no mes de maio estas dúas familias decátanse e que educación non lle concede ao CEIP Lagostelle a praza e póñense en contacto co centro o cal lles informa que a decisión vén dende o inspector xefe, xa que o inspector de zona fixera o informe favorable. Coméntanlles que ao parecer hai outros centros de Lugo que o precisan máis, ao ter menos persoal e máis nenos con NEE.

## Guitiriz xa ten listo o programa para as festas de San Xoán

O San Xoán de Guitiriz xa ten listo o seu programa de festas que este ano terán lugar entre o 22 e o 25 de xuño cunha programación que organiza a asociación Ecce Homo en colaboración co Concello, a Comunidade de Montes San Xoán de Lagostelle e o colectivo empresarial. As festas iniciaranse polo tanto o día 22, sábado, coa celebración da III edición da Festa da Xuventude, na que destaca a participación dos djs Celso Bayo e Iván Estevez aka dj Galvi. A festa dará comezo ás 22.30 horas pero haberá xa ese mesmo día unha sesión vermú con Os Trapeiros dos Vilares e Javi Show. Rematará esta noite co concerto de La Última Legión. Os actos do día 23 darán comezo cun pasarrúas de Sons da Aldea que se complementarán con varias actuacións a partir das 14.00 horas, en concreto da Banda de Música do Concello de Guitiriz, o Grupo Municipal de Gaitas e o Grupo da



UNED Sénior. Ademais, haberá sesión vermú, neste caso a cargo de Eureka.

Pola noite haberá sardiñada gratuita e Lume Novo de San Xoán a partir das 21.00 horas que se complementa coa verbena a cargo de Saudade e Eureka de novo.

O luns 24, terá lugar ás 14.15 horas a actuación de Mariachi Juvenil Mi Tierra, antes da sesión vermú, que estará cargo da orquestra Pontevedra. Esta mesma repetirá pola noi-

te xunto a Cinema.

O martes 25 continuará a programación coa xornada dedicada á Festa dos Nenos, que será en horario de tarde. Pero, pola mañá está prevista a actuación do Grupo Municipal de Gaitas de Guitiriz, a Coral de Xermolos e as Pandereteiras Na Casa Zoqueiro.

A música de orquestra estará a cargo de Solara, en sesión de mañá e noite e La Fórmula, que actuará só na verbena.

### BTTEANDO E EN RUTA POR GUITIRIZ



Un total de 78 persoas participaron na última saída antes das vacacións de verán dos programas municipais de Guitiriz en Ruta e Btteando por Guitiriz, que compartiron camiño pola Ruta da Pedra de Díaz Castro nos Vilares. No caso do Guitiriz en Ruta foron 28 os participantes que percorreron unha ruta circular de 14 quilómetros con saída e chegada xunto á escola do Buriz. No Btteando por Guitiriz foron 50 persoas ás que se subiron ás súas bicicletas para desfrutar de 20 quilómetros.

## A axente TIC local gaña un premio da Rede CeMIT en Espazo Maker

A Axente TIC responsable da Aula CeMIT do Concello de Guitiriz, e Administradora da Aula Mentor Guitiriz, Ana María Pérez, resultou premiada na primeira edición dos premios Axentes TIC da Rede CeMIT co primeiro premio da categoría Espazo Maker.

Estes galardóns premian aos axentes TIC ou responsables de aula que levasen a cabo a iniciativa máis creativa, orixinal e mellor desenvolvida destinada a infancia, mocidade e adultos. O acto de entrega celebrouse no Centro Gaiás Tech da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.



A iniciativa presentada desde a aula CeMIT de Guitiriz levou o nome de *Buscando ao rei*, e na cal participaron un total de 35 persoas, en

parellas dun adulto e un menor. Presentáronse outras nas cales se empregaron algúns dos seguintes complementos tecnolóxicos innovadores: lentes de realidade virtual, drones, kits de robótica, impresoras 3D ou kits de placas de comunicación e programación.

Desde a Aula CeMIT do Concello de Guitiriz queren dedicar este premio "a todas as persoas, nenas e nenos, nais, pais e persoas maiores de idade que participan habitualmente nas actividades propostas dende a Aula". "Sen a súa participación non sería posible alcanzar este reto", afirman.

# ATABERNA

T: 982 510 061

facebook/ataberna.vilalba

info@atabernavilalba.com

www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA  
NUESTRA CARTA  
REVUELTOS  
HAMBURGUESAS  
PASTAS  
ALCO PARA  
ENSALADAS  
FRESAS DE VERANO  
CON SALSA TARRAGONA  
RAXO PATATAS  
SABOREAR  
TORTILLAS  
PICAR  
NUESTROS DELICIOSOS  
TAPAS  
COMPARTIR

Asesoría Enerxética  
**Terra Chá**



CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓN  
SUBVENCIONS  
ILUMINACIÓN LED  
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA  
INSTALACIÓN FOTOVOLTAICAS

Tel.: 669 761 869 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es



# O GDR2: Dinamizando a economía do rural

A Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá (GDR2) está a piques de rematar a súa xestión do Leader 2014-2020 nos 10 concellos do seu territorio de actuación (Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Vilalba e Xermade).

Os fondos Leader son un apoio moi importante para o desenvolvemento dos territorios rurais, xa que supoñen axudas en distintos eidos (Proxectos non produtivos públicos, proxectos non produtivos privados e Proxectos produtivos).

Este Leader 2014-2020 tivo 6 convocatorias de axuda e supuxo un total de 4.607.277 euros de axuda no territorio, para un total de 9.535.076 euros de investimento. Creáronse 45 postos de traballo e consolidáronse 394 postos de traballo. Recibiron axuda un total de 90 proxectos.

Para o novo período Leader, A Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá foi seleccionada como entidade colaboradora para a xestión do Leader 2023-2027 e comezará a súa xestión nos vindeiros meses, cunha asignación aproximada de 2.687.000 euros. Abriranse novas convocatorias de axudas e, neste senso, o presidente da Asociación, José Antonio López Sierra, anima ós promotores do territorio que vaian a realizar algún proxecto a que acudan as oficinas da Asociación en busca de asesoramento e valorar a posibilidade de acceder a algunha destas axudas.

Terra Chá  
¡Natural...mente!



Antonio López Sierra, presidente da Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá

O propio GDR realizou proxectos de promoción e difusión do territorio.

Entre eles podemos sinalar:

- Libro guía da Terra Chá
- Libro de cruceiros do territorio do GDR Terra Chá
- Totems informativos nos concellos do territorio
- Material promocional do GDR e do territorio (vídeo, bolsas, mapas, reportaxe fotográfico ...)
- Rutas de sendeirismo dos concellos do GDR dispoñibles na páxina web

O GDR, participou en catro proxectos de cooperación interterritorial con outros GDRs de Galicia: O proxecto "Alimentos da Biosfera" co obxectivo de fomentar o consumo de

produtos de proximidade, de tempada e ecolóxicos. Este proxecto tivo a súa continuación no proxecto "Ecocomedores" no que unha das súas actuacións destacables foi nos centros escolares adheridos ó proxecto, sensibilizando e fomentando ás familias e persoal de cociña no consumo de produtos de tempada, ecolóxicos e de proximidade.



Proxecto "Ecocomedores"



Proxecto "Ecocomedores"



Totems informativos

Destaca tamén o proxecto de cooperación "Incorporando Ilusións". Co obxectivo de incentivar e facilitar o retorno e a inserción laboral da xuventude nas zonas rurais, creándose unha plataforma dixital "www.norural.gal" dirixida á xuventude e as empresas da comarca participantes, onde se poden inscribir tanto ofertas como demandas de emprego. Esta iniciativa tivo continuación co proxecto "Nó Rural" que se orientou, entre outros, a analizar posibles zoas para aplicar os instrumentos da Lei de Terra Agraria (polígonos agroforestais e permutas de terras) para facilitar o acceso á mesma á xente que queira traballar no rural.

## PARA MÁIS INFORMACIÓN

Asociación para o Desenvolvemento da Terra Chá-GDR2 en Vilalba.

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, rúa Carmiña Prieto Rouco s/n.  
<http://www.terrachanaturalmente.org/>  
Teléfonos de contacto:

982 512 369 / 982 523 013

[terrachanaturalmente@gmail.com](mailto:terrachanaturalmente@gmail.com)





**PROXECTOS  
NON PRODUTIVOS PÚBLICOS**

• Proxectos levados a cabo por concellos.

Investimento total:	1.237.214 €
Axuda total:	911.605 €
Axuda media por proxecto:	73,68%




BATÁNS DE FOLGOSO



CASETA DO POLBO DE CASTRO DE REI



CENTRO DE DÍA DE GUITIRIZ



VIVENDA SOCIAL DE BEGONTE

**PROXECTOS  
NON PRODUTIVOS PRIVADOS**

• Proxectos levados a cabo por asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro ou por comunidades de montes.



CENTRO DE PATOLOXÍA DUAL EN CASTRO DE REI



EQUIPAMENTO PARA RESIDENCIA DE MAIORES EN VILALBA

Investimento total:	834.866 €
Axuda total:	388.332 €
Axuda media por proxecto:	83,90%
Empregos creados:	1
Empregos consolidados:	15



CENTRO DE INTERPRETACIÓN MUIÑO DE PAN EN BAAMONDE



EQUIPAMENTO PARA OBRADOIRO DE CARPINTERÍA DISCAPACITADOS EN VILALBA

**PROXECTOS  
PRODUTIVOS**

• Levados a cabo por autónomos, pequenas empresas, cooperativas...

Investimento total:	7.462.996 €
Axuda total:	3.307.338 €
Axuda media por proxecto:	44,32%
Empregos creados:	44
Empregos consolidados:	379



PENSIÓN EN BAAMONDE



HOTEL EN BAAMONDE



APARTAMENTOS TURÍSTICOS EN BAAMONDE





ADEGA DE SIDRA EN RIORTORTO



GASOLINEIRA EN ABADÍN



LAVANDERÍA EN CASTRO RIBERAS DE LEA




PARGA



TENDA DE QUEIXOS EN VILALBA



CARPINTERÍA METÁLICA EN CASTRO DE REI



RETOÑA



CONSTRUCCIÓN DE NAVE EN XERMADE



MAQUINARIA COMERCIALIZACIÓN PRODUCTOS AGRARIOS



RIORTORTO



MAQUINARIA TALLER MECÁNICO EN VILALBA



EQUIPAMENTO EMPRESA DE MECANIZADOS EN VILALBA



## EN BREVE

**EXCURSIÓN.** O club de lectura Avelino Díaz, en colaboración coa asociación cultural Avelino Díaz e a asociación de veciños A Órrea, organiza unha excursión a Ourense o sábado 20 de xullo para facer a ruta da novela de Eduardo Blanco-Amor A Esmorga, ademais doutras actividades e un almorzo para pasar o día. Para anotarse á actividade, que é aberta a todo o público, hai que chamar ao teléfonos de Araceli (628 671 655) e Carlos (636 721 008). A data límite para inscribirse é o 1 de xullo.

**CAMPAMENTO DE VERÁN.** O Concello organiza de novo este ano un campamento de verán para rapaces. Esta actividade inclúe obradoiros, excursións, xincanas, busca do tesouro e máis sorpresas. Será entre os días 1 e 31 de xullo en horario de 10 a 14 horas e está dirixido a nenos de 4 a 14 anos. As inscricións poden facerse na Casa do Concello antes do venres 26 de xuño ata completar as prazas dispoñibles, que son 30. O prezo por neno non empadroado no Concello é de 120 euros sendo de balde para os empadroados, incluído un almorzo. O servizo tamén contará con horario concilia, de 9.00 a 10.00 para aqueles que o necesitan.

**MAIORES.** O concello de Riotorto mostra unha vez máis conciencia cos máis maiores e organiza un curso de formación para cuidadores de persoas en situación de dependencia. Terá lugar o mércores 12 de xuño ás 16.00 no centro sociocultural Avelino Díaz. Para poder asistir é necesario inscribirse nos servizos sociais do concello de Riotorto, na praza das Rodrigas 1 ou no teléfono 982 346 222.

## A Xunta aproba un convenio para investir en envellecemento activo

O Consello da Xunta deu conta de dous convenios de colaboración cos concellos de Pereiro de Aguiar (Ourense) e Riotorto para dar continuidade ao desenvolvemento de programas de envellecemento activo e saudable. A Consellería de Política Social e Igualdade destinará 145.000 euros a financiar as actividades neste ámbito que ao longo deste ano se realicen nestas localidades a través dos seus servizos sociais comunitarios e coas que se prevé chegar a máis de 300 veciños.

O obxectivo destes acordos é previr situacións de dependencia e facilitar unha vida activa. Neste sentido, a Xunta colabora

con distintos concellos, en especial os de carácter máis rural e de menor poboación, para facilitar ás persoas maiores que viven nelas alternativas para o seu tempo libre, tales como: actividades de ximnasia, de ocio e lecer, cursos e chalas informativas ou obradoiros artísticos, entre outras. Ademais do financiamento de programas de envellecemento activo e saudable, outras iniciativas que a Xunta pon á disposición dos maiores para que desfruten desta etapa das súas vidas son, por exemplo: Benestar en Balnearios, Xuntos polo Nadal ou as Aulas Sénior. As actividades que se fan en Riotorto teñen moita aceptación.

## As festas na honra a San Pedro serán o sábado 29

O Concello de Riotorto organiza as súas habituais festas na honra a San Pedro, acompañada dunha comida veciñal.

Será o sábado 29 de xuño e para todos os que queiran asistir teñen ata o 22 do mesmo mes para comprar a súa tarxeta en todo os bares da localidade e na gasoleira por un prezo de 28 euros para os adultos e 12 euros para os nenos de 5 a 12 anos. O aforo será de 100 persoas, polo que non hai tempo que

perder.

O programa dará comezo á 13.30 cunha misa solemne, seguida dunha sesión vermú a cargo do dúo Dilema. A comida veciñal estará servida polo *catering* Las Salinas e constará de empanada, salpicón de marisco, churrasco, *criollo*, polo, sobremesa e bebidas.

Despois de comer, a diversión continuará coa actuación do mesmo grupo, coa que se dará por finalizada a sesión.



## Deputados do PP poñen en relevo en Riotorto as necesidades da provincia

Os deputados do Partido Popular na Deputación de Lugo trasladaron á comarca de Meira unha das reunións que realizan de xeito periódico polas distintas zonas da provincia. Nesta ocasión, visitaron Riotorto para poñer en valor este territorio entre A Mariña interior, a Terra Chá e a montaña; ademais de coñecer máis de preto as necesidades dos veciños e veciñas co obxectivo de trasladalas ante o goberno provincial. “É fundamental estar a carón dos lucenses”, subliñan os populares.

O portavoz, Antonio Ameijide, subliña que “o Partido Popular é o partido maioritario na corporación provincial, ademais de ser o que máis se parece aos lucenses”. Nese sentido, “seguiremos dando traslado das necesidades, suxestións ou queixas dos veciños e veciñas da provincia ante as distintas administracións e, no noso caso, ante a Deputación de Lugo”.

Un dos motivos polos que os veciños e veciñas trasladan as súas queixas é o mal estado da rede viaria provincial que dificulta o desenvolvemento da vida diaria dos lucenses e tamén lastra o desenvolvemento do territorio.

Pero a isto hai que sumar “a absoluta falta de interese do goberno de Tomé, PSOE e BNG por impulsar solo industrial no que asentar empresas coas que crear postos de traballo. Socialistas e nacionalistas néganlle á provincia a posibilidade de desenvolverse e asentar poboación”.

Un claro exemplo é o polígono de Riotorto. “O Concello e a extinta Sociedade Urbanística Provincial de Lugo (SUPLUSA) tiñan asinado un convenio para a súa creación e, despois do traballo de anos por parte do Concello que ten aprobado o proxecto de urbanización dende novembro do 2019, o goberno provincial négase a apoialo para facer realidade a creación de solo industrial no municipio”, din.

“Tomé rexeitou claramente apoiar este polígono” segundo se desprende da carta dirixida ao alcalde en novembro do 2019 propoñendo que o Concello dirixira os fondos do Plan Único – agora Plan Deputación- para esta finalidade; o que suporía unha clara discriminación ao municipio que non podería levar a cabo ningún outro tipo de actuacións para as que está dirixido este plan”.



**constru fer**  
Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:  
[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y SANEAMIENTO  
PABLO RABADE PAREDES

**BOSCH Service**

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, S. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
[jcpenelas@bosch-bcs.com](mailto:jcpenelas@bosch-bcs.com)



## Regresará o Criterium Aeronáutico a Rozas a finais do mes de xullo

Rozas acollerá unha nova edición do Criterium Aeronáutico, que se celebrará do 25 ao 27 de xullo. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co presidente do Real Aeroclub, Luis Abelleira, polo que a institución provincial achegará 10.000 euros para a cita consolidada como unha das máis importantes do panorama nacional. Contará un ano máis con actividades pensadas para todos os públicos, entre as que se incluírán o paracai-

dismo, paramotor, voo acrobático, drones, ultralixeiros ou un simulador de voo. Haberá tamén un circuíto de karts, inchables, voos de exhibición e exposicións. Un ano máis terá lugar de forma simultánea a Volta Aérea a Galicia, aberta a todos os pilotos que desexen participar.

Trátase dun evento moi atractivo, que forma parte da oferta turística e que consolida á provincia como un destino de experiencias, o que precisamente encaixa co modelo de turismo de calidade e sostible.

## Abre a inscrición do campamento do Castro de Viladonga para galegos residentes no exterior

A Xunta abriu a convocatoria de Conecta Voluntariado Galicia tras publicarse no Diario Oficial de Galicia as axudas da Secretaría Xeral da Emigración para a participación neste programa de lecer, que ofrece 20 prazas para que mozos e mozas galegas residentes no exterior de entre 21 e 30 anos poidan coñecer Galicia a través de actividades que se desenvolverán no campo de voluntariado do Castro de Viladonga entre o 29 de agosto e o 9 de setembro.

O programa realízase coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Esta iniciativa ten como obxectivo

promover os lazos con Galicia a través de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria a través de traballos diversos na procura dun maior coñecemento da nosa cultura, da mellora ambiental da nosa contorna e da recuperación do patrimonio cultural. O plan do traballo complementase cun programa con actividades de convivencia, formación e tempo libre.

En total, ofértanse 20 prazas, distribuídas entre os diferentes países con maior presenza de colectividade galega. As e os interesados deberán presentar as súas solicitudes a través da sede electrónica da Xunta. O prazo de presentación de solicitudes remata o próximo 1 de xullo.

## Balado busca impulsos para varios proxectos



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para valorar a colaboración entre ámbalas dúas administracións no desenvolvemento de proxectos conxuntos no municipio.

Arias destacou a cooperación da Xunta cos concellos, especialmente os rurais e de menor poboación, para ofrecer servizos e dotacións á veciñanza e equilibrar as condicións de vida e de traballo en todo o territorio.

### CONCENTRACIÓN PARCELARIA.

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, reuniuse o venres pasado co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado Teijeiro, para abordar diversos asuntos de interese para este concello lucense, entre eles as concentracións parcelarias. Neste encontro trataron os trámites necesarios para seguir avanzando no proxecto da concentración parcelaria de Triabá, situada na parroquia homónima, así como para estudar novas posibilidades de sumar máis terra mobilizada en zonas de alta produción gandeira.

## Adxudican o contrato de servizos para a Granxa Gayoso Castro

A Xunta de Goberno da Deputación adxudicou un contrato por importe de 134.241 euros para a prestación de diferentes servizos veterinarios na Granxa Gayoso Castro.

Trátase, por unha parte, dun servizo de urxencias 24 horas; de podoloxía; de programas de prevención e de tratamento de coxeiras e problemas podolóxicos por un impor-

te de 63.415 euros, e, por outro, dun servizo especializado en reprodución e mellora xenética para o desenvolvemento do control reprodutivo na Granxa por un prezo de 70.826,8 euros.

Resultaron adxudicatarias Servizos Veterinarios Meilán SLP e Xénese ETE Veterinarios SL, respectivamente.

### EN BREVE

**BAZAR.** A fin de semana do 15 e o 16 de xuño, a localidade de Bazar - Coea, en Castro de Rei, celebra as súas festas na honra a San Antón e á Virxe do Socorro. O programa comezará coa misa solemne desde as 13.30 horas, procesión e a posterior sesión vermú, que estará ao cargo da orquestra Escaparate. Pola noite volverá o mesmo grupo e tamén coa colaboración de Cinema para animar a verbena. O domingo repetirase o oficio relixioso e a sesión vermú estará ao cargo do grupo D' Noche, que tamén se encargará da verbena, coa que se dará por finalizada a sesión.

**RIBEIRAS DO LEA.** Celebra as súas festas na honra a San Xoán a fin de semana do 22 e 23 de xuño. O programa contará con misa solemne desde as 13.30 horas e a posterior sesión vermú, que estará ao cargo da orquestra Españoles. Pola noite volverá o mesmo grupo e tamén o dúo Elixir para animar a verbena. O domingo repetirá o oficio relixioso e a sesión vermú estará ao cargo do grupo D' Nika, coa que se dará por finalizada a sesión. Como colofón das festas, o día 6 de xullo haberá unha comida veciñal animada pola actuación do dúo Epo-K.

**PLÁSTICOS.** O Concello pon en marcha a recollida de plásticos de silos porta a porta entre os días 17 e 21 de xuño. Os usuarios que estean interesados na recollida de plásticos de silo deberán poñerse en contacto co teléfono 982 314 034, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda, e baixo os seguintes condicionados: Os plásticos deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida.

Definitivamente,

temos o prezo máis baixo en fibra

Fibra 400 Mb  
Móbil 30 GB

29€  
/mes

PREZO DEFINITIVO



Chama gratis ao **900 651 679**  
Visita as nosas tendas ou entra en [adamo.es](http://adamo.es)

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV



# Os grandes proxectos da parroquia de Pino

**A asociación veciñal, que reforzou a súa directiva, organiza unha intensa actividade desde o 2007**

Co nome de Asociación Veciñal Recreativo Cultural San Martiño do Pino naceu aló polo 2007 este colectivo cospeitéis, que creceu de forma continuada desde as súas orixes e hoxe é unha referencia nesta parroquia polas iniciativas de dinamización que levan a cabo. Foron un total de once persoas as que botaron a andar este proxecto, que dirixía Jesús Pena. O obxectivo estaba claro, “facer cousas pola veciñanza: excursións, cursos e xuntanzas”.

O Fume Novo foi a primeira xuntanza veciñal na área recreativa de Porto e gustou moito porque é unha das actividades fixas do colectivo, que a segue a celebrar a día de hoxe todos os meses de xuño. Ao principio era só cea, “pero agora pasamos alí todo o día”, explican desde o colectivo.

Outras das citas ineludibles é o Magosto, que foi xa nos primeiros anos pero só cunha castañas e liscos con chourizo. Nos últimos anos pasaron a celebrar o Magosto Cultural Caldaloba, que reúne numerosos actos nese mesmo día, como a entrega do título honorífico (que recibiron perseeiros como Xesús Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana e, neste último, Helena Villar); recital poético, etc.

Tanto Fume Novo como Magosto pararon pola pandemia, pero xa están de novo en marcha.

Tamén tiña relevancia na programación anual da sociedade o cocido de carnaval, que se suspendeu pero que agora teñen previsto recuperar nos vindeiros anos. Así mesmo teñen ganas de volver a celebrar, como xa se fixera uns dous anos, o Prefin-de-cos-veciños.

Despois dos catro primeiros anos de funcionamento houbo un cambio na directiva, collendo a presidencia José Luis Pena e Iago Moisés Paz e, desde o falecemento do primeiro, Inés Lozano é a presidenta.

“Agora neste ano, tocaba renovación, como eramos só tres compañeiros pensamos que era mellor unha ampliación para repartir algo máis de traballo” e así foi como se ampliou a 7 persoas, xa que xunto a Lozano, están Esther Braña como secretaria, M<sup>a</sup> Carmen Méndez como tesoureira e como vogais figuran Ana Castro, Ana Pena, Noa Pena e Sonia Torres. Teñen activos arredor de 80 carnés de socio, englobando en cada un deles como socios a todos os membros da casa.

Como explica Inés Lozano, tódolos anos pasa o mesmo, “hai algún socio que se da de baixa, pero entran outros novos” polo que desde o ano 2021 está crescendo de forma continuada, e incluso teñen socios de fóra de Pino.

Aínda que o Lume Novo e o Magos-



to son as súas actividades principais e que concentran máis público, destaca tamén unha terceira, o certame de poesía Torre de Caldaloba, “do cal nos sentimos moi orgullosos”. Constan coa colaboración do Concello e de Martiño Maseda, que foi tamén responsable de idear esta iniciativa. Hoxe en día este premio literario é xa un referente na provincia.

Xunto a este, destacan outros dos certames, o de Caligramas Constanza de Castro e o de debuxo A Túa Caldaloba.

“A Torre de Caldaloba está moi presente, pois é a fortuna que ten esta asociación de darlle visibilidade e que as distintas institucións non a esquezan”, explica Inés Lozano.

Ademais, das actividades habituais, este ano teñen previstas unha serie de excursións, así como cursos e charlas informativas dos que van informando segundo se van concertando aos seus socios. “Os proxectos cara o futuro estanse preparando entre todas, para poder sorprender”, afirma.

**A BIBLIOTECA.** Se ben non paran na

súa actividade, o maior logro deste colectivo foi sacara adiante a biblioteca rural San Martiño de Pino. “Aproveito para agradecer todas as doazóns que fixeron e avanzar que agora necesitamos estantes”, di.

Os primeiros andeles foron doados pola asociación A Corva, comuneiros do monte desta mesma parroquia,

que tamén compraron para o local un equipo de son, un proxector e uns estores. “Grazas a eles colocamos todos os libros que nos doaron do colexio Virxe do Monte de Cospeito, pero, agora, a raíz de saír nun programa de TVE empezaron a chegar doazóns de libros da Coruña, Madrid, Cantabria e, claro, tamén de por aquí máis preto. Así que hai que ampliar estantes. Isto está en marcha, sempre que nos concedan a subvención da Xunta que acabamos de solicitar”, explica.

Como avanza Inés Lozano, as principais necesidades para o colectivo sempre son económicas, pois só contamos cos socios e para facer tantas cousas non chega. Pero tamén teñen axudas, tanto por parte do Concello como da Deputación, “pero ás veces temos que contar co diñeiro antes de que chegue esa axuda e aí está o problema”, afirma.

## A próxima cita será a Festa do Lume Novo

A Asociación celebrará o sábado 22 de xuño a tradicional festa de Lume Novo na Veiga de Porto.

Esta xornada festiva dará comezo ás 13.30 horas cunha misa campestre seguida da actuación de Verónica Cambón. Xa pola tarde ás 16.30 horas será a actuación do grupo de Pandereteiras de Caldaloba e os xogos tradicionais. Farase o acendido da cacharela antes da cea e porá a nota musical de novo, Verónica Cambón.

Haberá un xantar a cargo do bar Rochela a base de xamón cocido, polbo, churrasco, bebidas, sobremesa e café, así como na hora da cea poderase desfrutar tamén de paella, bebidas, sobremesa e café. Para poder asistir é necesario anotarse previo pago ante calquera membro da directiva antes do 14 de xuño. O prezo para os socios é de 32 euros e para os que non o sexan 42 e os pequenos de 7 a 11 anos pagarán 16 euros.



## A UNED Sénior inicia no centro de día un programa musical

Os maiores do Centro de Día desfrutaron da actividade de educación emocional desenvolvida pola UNED Sénior Coruña na súa aula de música de Momán para mellorar o benestar social e emocional dos maiores a través da música: *Transmite emocións coa música*.

Baixo a dirección de Fran Cupeiro e ao ritmo das cancións do alumnado de Sénior, os maiores gozaron dun-

ha dinámica, Tecendo alegrías, onde puideron, coa axuda dos voluntarios e persoal da residencia, “tecer os seus corazóns con mensaxes como: amor, sabedoría, fogar, humildade...” Durante o mes de xuño a UNED Sénior a través das súas diferentes aulas de música (Guitiriz, Paderne e Momán) visitará diferentes centros de día e residencias de maiores para dar a coñecer este programa.

## A Deputación acorda unha bonificación nas parcelas do polígono

A Deputación de Lugo acordou na Xunta de Goberno a bonificación dun 30% no prezo das 24 parcelas do polígono industrial Feira do Monte de Cospeito, quedando o prezo do metro cadrado fixado en 39 euros fronte aos 55,72 iniciais, segundo explicou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen lembrou que as persoas interesadas xa poden presentar as súas solicitudes de compra ante a institución provincial.

“A bonificación das parcelas é unha medida encamiñada a incentivar a venda e, polo tanto, a actividade empresarial no polígono de Cospeito”, subliñou o

deputado, engadindo que a Deputación de Lugo investiu máis de 1,3 millóns de euros na urbanización do parque industrial de Feira do Monte, e entregoulla ao Concello de Cospeito o pasado mes de marzo co obxectivo de multiplicar as oportunidades económicas deste municipio chairego e da súa contorna.

O polígono ten unha superficie total de 56.726 m<sup>2</sup>, dos que as parcelas de solo urbano á venda ocupan 22.459 m<sup>2</sup>, mentres que o solo dotacional ten unha extensión de 2.247m<sup>2</sup>; os espazos libres 10.849m<sup>2</sup>; os viarios e aparcamentos 10.490m<sup>2</sup>; e as áreas verdes 10.681m<sup>2</sup>.

## O PSOE protesta polas novas taxas dos campamentos

O Concello celebrou unha sesión plenaria na que se realizou o sorteo dos membros das mesas electorais, tomou posesión o socialista José Ramón e o Partido Popular levou unha proposta de modificación da ordenanza do campamento de verán.

Segundo explican os socialistas, que votaron en contra, “demostra a nefasta xestión que realizou o noso Concello e como tal xestión repercutiu na decadencia dos servizos públicos para os veciños e hoxe especialmente para a xuventude”.

Afirman que se modificou a ordenanza anulando todas as bonificacións existentes, os tramos de renda de custo menor (que axudaban a aquelas familias con poucos recursos) e unificou o prezo en 100 euros a quenda de 8.30 a 14.30 e 140 euros para a quenda de 8.30 a 16.30, pagándose o comedor a parte, 180 euros.



## EN BREVE



**MALLA.** O presidente da Asociación de Amigos da Malla de Meira e dous membros máis da mesma acudiron a conversar co alumnado de 3º e 4º da ESO do IES Pedregal de Irimia para darlles a coñecer o seu labor de divulgación dos traballos tradicionais que leva consigo o proceso de elaboración do pan, dende a sementeira do trigo ata a malla propiamente dita.



**CORPUS.** A confraría Nosa Señora do Pedregal, así como os pais dos pequenos da zona e voluntarios celebraron a festa do Corpus e colocaron as súas alfombras florais nas prazas do Concello e do Convento de Meira. Nesta xornada na que fixeron as comuñóns os nenos da localidade, aproveitaron para facer a procesión polas alfombras e unha ofrenda nun pequeno altar.

## O colexio de Meira sinalizou as aulas con poemas de Avelino Díaz



O CEIP Poeta Avelino Díaz de Meira inaugurou a nova sinalización das súas aulas, con estrofas de poemas de Avelino.

En cada corredor componse un poema a partir das estrofas que identifican cada aula. Por outra parte, a aula de Música e a biblioteca do centro aparecen identificadas con estrofas alusivas, respectivamente, á súa función específica. En concreto, trátase dos poemas Meira, Miño, A festa

de Meira, A nosa fala, Canzón pr-ó sono d-un neno e Eiquí tedes.

Araceli Pillado, Carlos Veiga García, Mario Outeiro Iglesias e Agustín Méndez, membros da asociación, acudiron ao evento, sendo agasallados cun marcaxinas con versos de Avelino Díaz.

O obxectivo de todas estas actuacións é conseguir que unha xornada das Letras Galegas sexa dedicada ao poeta local.

## Convocada unha nova edición do campamento de verán durante os dous meses

O Concello de Meira organiza tamén un campamento de verán na localidade durante durante os meses de xullo e agosto dirixido a menores de 3 a 14 anos.

As actividades, que se desenvolverán de luns a venres, están fixadas en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas, desde o 1 de xullo ao 30 de agosto. Os participantes poderán gozar de xogos de animación, mesa ou tradicionais, talleres, piscina, excursións, multideporte, busca do tesouro, etc.

As persoas interesadas en sumarse ás actividades de verán poden solicitar máis información ou inscribirse enviando un Whatsapp ao número 629 302 039 antes do mércores 26 de xuño.

O prezo é de 160 euros por mes, 300 polos dous meses e 65 por semana. Para os irmáns haberá un desconto. Tamén haberá servizo concilia desde ás 9.30 horas. Esta actividade ten moi boa acollida todos os anos xa que axuda á conciliación da vida familiar e laboral.

## Inviste en Friol



CONCELLO  
DE FRIOL

**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**



## En exposición pública, o inventario de camiños

No BOP núm. 114 do 18 de maio publicouse o anuncio de Trámite de Información Pública do inventario de camiños de Xermade.

As persoas interesadas poden presentar alegacións nun prazo de 30 días hábiles, ata o 28 de xuño.

A documentación pode ser examinada por calquera persoa interesada de forma presencial nas dependencias municipais

(2º andar, Salón de Plenos) ou telematicamente, tanto na sede electrónica <https://concelloxermade.sedelectronica.es/info.0> como na páxina web do concello. A arquitecta municipal atenderá presencialmente e sen cita previa, cada mércores dentro do período de información pública, en horario de 11:30 a 14:30 horas. O documento modelo de alegacións pode descargarse na web do concello.

### EN BREVE



**SOTAVENTO.** Embaixadores dos 27 países da Unión Europea achegáronse a coñecer as instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento. Esta actividade tiña como principal obxectivo coñecer máis de preto a realidade enerxética do noso país. Os diplomáticos puideron visitar os múltiples proxectos que se están a levar a cabo nesta instalación situada na Serra da Loba.

**CABREIROS.** A asociación de veciños de Cabreiros celebrará o sábado 15 de xuño as súas festas de San Xoán, con xantar e actuación musical da man de Javi Show. Terá lugar na casa escola de Cabreiros ás 14.30. O menú estará composto por guiso de uñas, troitas e liscos; ademais de sobremesa, café e gotas. O prezo para os socios é de 25 euros e de 30 para os que non sexan socios. A data límite para comprar o ticket é o 9 de xuño.

**FOGUEIRAS.** Xa se poden pedir os permisos para as fogueiras ou cacharelas de San Xoán 2024. Es-

tas solicitudes deberán pedirse no Concello antes do día 17 de xuño, luns, en horario de 9 a 14.00 horas. Para tramitar os permisos é necesario comunicar os datos da persoa responsable do mesmo, nome e apelidos do solicitante, así como o seu número de DNI, o enderezo de residencia e a localización na que se vai realizar a fogueira.

**CONCURSO.** Un ano máis, Sotavento ten convocado o seu Certame Renovable de Fotografía, que xa vai pola súa duodécima edición e que este ano volve ter un único premio en metálico de 400 euros. As fotografías deben ter como temática principal o parque e poderán enviarse por correo electrónico ata o 30 de xuño de 2024 á dirección [info-divulgacion@sotaventogalicia.com](mailto:info-divulgacion@sotaventogalicia.com). Non existe límite de idade para os participantes e permítese un máximo de tres fotografías por autor valorando a creatividade, o enfoque do tema proposto e a calidade fotográfica en función da idade. O fallo do xurado está previsto para o mes de xullo.

## A Deputación reclámalle á Xunta as obras do tramo Parga-Cabreiros

A Deputación urxiu no Pleno á Xunta a que impulse obras de mellora da estrada autonómica LU-170, que une Parga e Cabreiros. A moción, presentada polos socialistas, saíu adiante por unanimidade co apoio dos tres grupos representados.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que esta vía autonómica é a “estrada sempre esquecida” pola Xunta de Galicia, e evidencia “a falta de compromiso dos gobernos do PP coas infraestruturas da provincia de Lugo e co noso rural en máis de dúas décadas”. Nas súas palabras, Rivera indicou que o PP á fronte da Xunta “tarda anos en arranxar as estradas, amaña a cachiños para que os conselleiros ou conselleiras desta área fagan a foto, pero non entende o valor estratéxico das comunicacións”.

Explicou que esta é unha estrada moi empregada pola veciñanza, ao conectar tanto coa Autovía A-6 como coa AG-64, vías principais de comunicación na Terra Chá, con altos problemas como “pontes demasiado estreitas polas que ten que pasar o bus escolar, fochancas e cun trazado demasiado complexo”. “Esta estrada sabe ben de atrasos cons-



**MISA NUN CRUCE DE CAMIÑOS.** O cura Luis Rodríguez Patiño da parroquia de Momán celebrou unha misa para pedir á Xunta a reparación da estrada autonómica LU 170, o antigo camiño que unía Viveiro, Cabreiros, Momán e Betanzos con Santiago, Portugal e A Mariña. O párroco indicou no acto relixioso que a súa función é “invocar a Deus, a ver se ten un arquitecto que o mande ou quen o prepare, o mesmo que pediu para a provincial LU-P-2204”.

tantes, reparacións parciais con fins electoralistas que evidencian unha clara mostra do abandono ao que está sometida esta vía”. “Xa trouxemos esta moción no 2016, que apoiaron no seu momento os populares, pero neste tempo non houbo avances. É máis, tamén o ex Alcalde popular de Xermade, Tomás Rodríguez, cando deixou a alcaldía, dixo

que o que máis lle doía do seu tempo á fronte do Concello foi non ter amañado a LU-170”.

A institución provincial solicita que o Goberno galego faga unha mellora integral do firme, limpe as cunetas e renove a sinalización nesta estrada para garantir a seguridade dos veciños e veciñas que empregan a diario esta vía de comunicación.

## O profesor Juan Carlos Vivero gaña o premio Xermade na Historia

O Concello de Xermade xa ten gañador do Premio Xermade na Historia, na súa décima convocatoria, organizado en colaboración coa Asociación de Veciños de Cabreiros e a USC.

O traballo premiado nesta edición foi A sociedade de instrución e recreo Progreso de Lousada, presentado baixo o pseudónimo O cabaleiro de Pinar del Río.

O autor do mesmo é Juan Carlos Vivero López, veciño de Guitiriz. Nado en Lousada, diplomado como mestre na Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Lugo (USC), desenvolveu a súa profesión como docente en diversos colexios de Lugo e Coruña, pero principalmente no CEIP Lagostelle de Guitiriz. O importe do premio é de 2.000 euros.

Aproximación á cultura inmaterial de Xermade, presentado baixo o pseudónimo Morriña, foi o seleccionado para obter o segundo premio do certame.

A autora do mesmo é Manuela Castelo Santalla, veciña de Xermade. Nada en Ortigueira, cursou estudos de Maxisterio e tamén é licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa. Logo de traballar en varias vilas galegas como profesora de instituto, obtivo a praza no IES Moncho Valcarce das Pontes. O importe do premio é de 1.000 euros.

O xurado estivo formado por Roberto García Pernas, alcalde do Concello de Xermade, José Manuel Felpeto Carballeira, presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros; María Luisa Barreiro Mejuto, presidenta do Instituto de Estudos Chairegos; María López Sánchez, profesora da área de Didáctica da Lingua e a Literatura da Universidade de Santiago de Compostela, e Josefa Rey Castiñeira, profesora da área de Historia da Universidade

de Santiago de Compostela. Actuou como secretaria Lucía Guizán Trastoy, educadora familiar do Concello de Xermade, para recoller testemuño e acta do fallo do xurado.

Tamén convocou a XI edición do premio par o que xa está aberto o prazo para presentar os traballos, e este manterase ata o 21 de febreiro de 2025. Así mesmo, mantense un premio de 2.000 euros para o primeiro e un segundo galardón dotado con 1.000 euros. Os interesados en participar poderán facelo tanto de xeito individual como colectivo e con cantos traballos queiran presentar, sempre que estes versen sobre temas relacionados co patrimonio etnográfico e cultural de Xermade: tradicións, ritos, festas, arte popular, memoria histórica, costumes, arquitectura, etc.

A organización establece tamén unha extensión mínima de 50 folios e un máximo de 400 e deberán estar escritos en galego. Reservase tamén o dereito de editar as obras gañadoras nos 5 anos seguintes.

**GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA**

**ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS**  
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL  
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

**Novas oficinas:**  
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tel 982 523 649 – 982 523 601  
619 41 53 56 – 650 61 12 60

**ALÉN**



## A Xunta confirma unha axuda para dúas antigas escolas do rural

A Xunta de Galicia achegou preto de 34.000 euros ao Concello de Begonte para mellorar as fachadas das antigas escolas de Cima de Vila e San Vicente de Pena, a través das convocatorias de axudas de 2023 e 2024 para corrir impactos paisaxísticos.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, e o director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), Enrique de Salvador, acompañados do alcalde de Begonte, José Ulla, comprobaron o resultado da actuación no inmoble de Cima de Vila, na parroquia de Damil, financiada con cargo ás achegas do ano pasado.

A obra centrouse en corrir humidades, sucidade, a presenza de vexetación e outras deficiencias que afectaban ao exterior como consecuencia do paso do tempo e dos



efectos do clima. As principais intervencións consistiron no illamento térmico mediante o sistema SATE e na adecuación das baixantes de augas pluviais. Así mesmo, limpouse a fachada do edificio.

O delegado territorial explicou que a antiga escola de San Vicente de

Pena beneficiase tamén dunha actuación similar a través da convocatoria deste ano, que no conxunto da provincia de Lugo achega 237.800 euros a 13 concellos para mellorar a paisaxe mediante o acondicionamento exterior de determinadas construcións.

## Damil celebra o 22 as festas de San Xoán

Os veciños de Damil celebran o sábado 22 de xuño unha cea na honra a San Xoán tal e como veñen facendo nos últimos anos. A xornada comezará cunha cea a prezos populares servida polo bar Fénix, á que seguirá a festa amenizada por Judith Cundís. O menú constará de empanada, paella e churrasco mixto con chourizo, ademais de sobremesa, café e licor por 30 euros. Para os máis pequenos de ata 13 anos, terán un menú especial por 15 euros. Os tickets están dispoñibles na Casa Varela ou contactando con Adrián (608 698 825) ou José (699 419 334). A data límite será o 18 de xuño.

## O PP esixe de novo a José Tomé que permita o acceso á nave

Os deputados do PP provincial rexistraron por cuarta vez a solicitude de acceso á nave de Begonte, propiedade da Deputación, xa que José Tomé, o PSOE e o BNG seguen instalados "no máis absoluto escurantismo" e "manteñen o veto de entrada" nesta instalación provincial.

O voceiro popular Antonio Ameijide recorda que pese á intención exposta polo Grupo Provincial Popular, nas comunicacións realizadas o 24 de novembro de 2023, 29 de febreiro e 3 de abril de 2024, de "acceder" ás naves situadas no polígono de Carral, en Begonte, "o equipo de go-

verno non fixo posible que se levara a cabo a mesma".

Ameijide fai referencia á resolución da Valedora do Pobo, do 15 de marzo de 2024, en relación á pretensión de deputados do Grupo Provincial Popular de visitar dependencias provinciais, na que se conclúe que "se debe garantir" a libre entrada por parte dos mesmos ás instalacións que son de atención directa á cidadanía e que, por outra banda, respecto ás que non o son "o réxime de acceso sería o dunha sinxela comunicación previa, non o de autorización".

## Convocan este verán os campus de fútbol sala, ximnasia e patinaxe

O Concello de Begonte celebrará este verán varios campus deportivos co obxectivo de axudar á conciliación.

Así, no mes de xullo haberá unha nova edición do campus de patinaxe coincidindo co tempo de lecer dos pequenos e para axudar na conciliación da vida familiar e laboral. Terá lugar do 15 ao 19 de xullo en xornada de mañá, entre as 9.00 e as 14.00 horas, e está dirixido a rapaces e rapazas de 3 a 16 anos. Ten un custe de 40 euros para o público en xeral e de 30 para os empadroados, escolarizados ou participantes nas escolas deportivas de Begonte. O prazo de inscrición pecha o 28 de xuño e poderá realizarse a través da sede electrónica do Concello.

**XIMNASIA.** Tamén contará de novo co Campus de Ximnasia Rítmica, organizado polo Club Violeta e dirixido a nenos e nenas a partir de 5 anos. Será entre os días 8 e 12 de xullo en horario de 10.00 a 14.00 horas con opción de madrugadores ás 9.00. Desenvolverase no pavillón de Begonte e practicaránse técnicas corporal e de aparellos, preparación física, acrobacias, talleres creativos, danza e xogos. Os que desexen participar deberán inscribirse no Whatsapp 645 483 985. Ten un custe de 80 euros.

**FÚTBOL SALA.** Do 24 de xuño ao 5 de xullo Begonte acollerá unha nova edición do campamento de verán que contará tamén coa cele-



bración do Campus Mixto de Fútbol Sala e que este ano case duplica as prazas debido á alta demanda.

O campamento está dirixido a nenos de 4 a 16 anos e contará con actividades diversas, como surf, multideporte, parque acuático, kaiak, inchables, festa da escuma, obradoiros e fútbol sala, con visitas de xogadores e adestradores profesionais.

O horario será de luns a venres de 9.30 a 13.30 horas con servizo de madrugadores para os que o necesiten cun suplemento de dez euros sobre o 110 que ten de custo o campamento para os escolarizados en Begonte e alumnos das escolas deportivas. O prezo xeral será de 135 euros con descontos para os irmáns.

Os que desexen máis información poden poñerse en contacto coa organización no teléfono 679 711 709.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Concertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com





## Trécola celebra os 42 anos da súa fundación

A compañía polense Trécola Producións celebrou en maio e aproveitando o Día das Letras Galegas o 42 aniversario desde a súa primeira función como compañía profesional. Fíxoo cunha representación da súa nova obra *Coa música a outra parte* no Festival Internacional de Títeres de Redondela.

Esta obra de títere tradicional de creación propia baseada en textos de Rafael Dieste e dirixida por Isa Coldeira, tamén se poderá desfrutar o domingo día 19 con sesión de mañá e tarde, tamén dentro da programación do festival.

O elenco de *Coa música a outra parte* está formado por Ero Vázquez, responsable da compañía, Raquel López Cendán, e os músicos Pablo Pintor e Barbeiro, integrantes do grupo Airiños da Freba.

O sábado 18, Trécola presentou tamén en Redondela a súa instalación de autómatas Kinetiko, que hai uns anos viaxara por máis de 30 concellos de Lugo.

O equipo actual de Trécola Producións leva máis de 18 anos vivindo

no mundo das marionetas, son a segunda xeración dunha compañía creada no ano 1981 cuns obxectivos que seguen mantendo como "a dignificación e protagonismo das marionetas como ferramenta artística no teatro". A proposta está baseada en anos de experimentación no manexo e construción de diferentes tipos de marionetas, sempre ideando a mellor opción segundo as necesidades do personaxe ou escena.

"Tentamos fomentar, sempre dende o divertimento, valores coma a igualdade, o respecto e o apoio mútuo. Vemos de vital importancia unha educación emocional positiva así como de respecto pola natureza", explican os membros da compañía de Pol.

Teñen neste momento 11 obras en repertorio e máis unha instalación de pezas autómatas artesanais. "Dende o noso comenzo como responsables da compañía, máis de 20 montaxes estreadas, construíndo escenografías, estruturas, marionetas e guiños, deseños de iluminación, deseño de músicas, vestiarios", engaden.

## A Carballeira acollerá o 20 de xuño a Xuntanza da UDP dos Maiores

A Carballeira de Mosteiro, en Pol, acollerá o próximo 20 de xuño a tradicional Xuntanza Diocesana dos Maiores, organizada polo cura de Meira e a UDP de Meira.

A festa dará comezo ás 13.00 horas cunha misa, ao que seguirá o tradicional xantar de irmandade, previsto

para as 14.00 horas.

A sesión estará amenizada por un grupo musical, aínda sen determinar. O xantar ten un prezo de 30 euros e para asistir haberá que poñerse en contacto cos organizadores, a través de Manolo, no 627 604 738, e Miguel, no 658 370 318.

## O club de fútbol convoca días de portas abertas

Están invitados a asistir aos adestramentos nenos e nenas nados entre os anos 2018 e o 2006 ata o 21 de xuño. As sesións serán os martes, mércores e venres de 18.00 a 19.30 horas no municipal de Pol, o campo artificial.

Os asistentes poderán coñecer o club así como a actividade que se realiza para formar parte do mesmo para a próxima tempada

despois do éxito acadado na actual polos debutantes.

Ademais, cada martes, amosarán técnicas específicas de porteiros con Manu Cedrón, estrela do equipo que contribuíu ao ascenso a Preferente. Estas sesións serán de balde.

As persoas que desexen asistir deberán comunicalo no teléfono 644 249 869.

## Os Roteiros seguen co seu programa

Roteiros de Pol ten previstas dúas rutas este verán, o 16 de xuño farán a XXXVII Travesía Costa Naviega e o 7 de xullo estarán por Guitiriz.

Tralo descanso de agosto, recupérase o ritmo en setembro con dúas citas, o 1 farán a tradicional ruta por Pol e o 29 viaxarán a Mondoñedo.

En outubro seguirán a ruta de Belesar e o 17 de novembro polo Courel. Rematarán o 1 de decembro coa Ruta do Cocido e a cea anual, que será o 15 de decembro en Mosteiro.

## a pastoriza

### EN BREVE



**ANDADURA.** A Asociación de comerciantes, Asapa, celebrou na localidade, por primeira vez, unha proba puntuable para o Campionato Galego de Andadura. Establecéronse seis categorías de competición, para cabalos xóvenes en serrada e chapeada, serrada para menos de 1,50 e tamén para máis, o mesmo que en serrada, ademais da Sub-16. Repartíronse premios económicos para os catro primeiros clasificados en cada categoría, de 120, 100, 70 e 30 euros, ademais de agasallos para os quintos e para os da sub-16.



**BANDA ANCHA.** A integrante da candidatura do BNG ao Parlamento Europeo, Mar Pérez Fra, mantivo un encontro cos concelleiros e militantes da Pastoriza onde escoitou as principais reclamacións que neste concello lle fixeron sobre a fenda dixital. Mar Pérez Fra afirmou "Galiza é a segunda comunidade do Estado con menor implantación de banda ancha, a fenda dixital foi nos últimos anos aumentando as desigualdades sociais na Galiza, o que provoca unha maior crise económica, exclusión social e incomunicación, como pasa no concello da Pastoriza.

## A Asapa organiza o segundo torneo de pádel este mes

A Asociación de Empresarios e Comerciantes da Pastoriza, Asapa, vén de convocar o II Torneo de Pádel A Pastoriza, que se desenvolverá os días 21, 22 e 23 de xuño na pista de pádel da localidade, ao carón do pavillón de deportes.

O prazo de inscrición xa está aberto e esta pode facerse nos teléfonos 625 065 197 ou no 659 555 176. A organización seguirá as normas da primeira sesión, na que houbo dúas categorías, masculina e feminina, e unha limitación de 12 parellas en cada unha. Esta cita repítese a petición popular e polo éxito que tivo a primeira edición.

## O CEIP O Salvador celebra o sábado 15 a súa festa de despedida

O ANPA o CEIP O Salvador celebrará o 15 de xuño a festa de fin de curso da directiva que estivo activa desde o ano 2015 ata o actual 2024.

O acto dará comezo ás 16.30 no salón de actos da Casa do Concello e estará chea de música e diversión, ademais dunha merenda para os máis pequenos. O prezo da entrada é de 3 euros por persoas e para os nenos socios será gratis. Pódese anotar calquera, chamando ao teléfono 659 032 194.



**gato con botas**

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño  
27800 Vilaalba (Lugo)  
Tel: 982516150

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformacións agrarias  
Desbroces y plantacións de montes  
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

**SEOANE**





## O 28 de maio de 2025 será festivo para conmemorar o seu centenario

O 28 de maio do ano 2025 será festivo en Rábade para conmemorar os 100 anos como Concello independente. Así o anunciou o equipo de Goberno no acto organizado para celebrar o 99 aniversario desde que o municipio se converteu en Concello independente co nome de San Vicente de Rábade, o 28 de maio de 1925. O acto deu comezo coa actuación do Coro da Asociación Músico Crisanto, que interpretou dúas cancións tradicionais galegas.

Luis Novo, fixo a lectura da acta fundacional do Concello e o concelleiro Carlos González, encargado de dirixir o acto, falou da súa historia e de como o reflectiron os medios da época.

Tamén foron presentadas as actividades que o Goberno local levará a cabo para conmemorar esta data, entre as que está un concurso de



carteis para anunciar o centenario e un premio "especial centenario" no tradicional concurso de pintura rápida que organiza o Concello. Inaugurouse ademais unha exposición permanente no Centro Sociocultural coas obras gañadoras do concurso de pintura rápida desde que comezou a súa celebración no 2008.

No marco desta efeméride o Con-

cello organizou tamén un concerto nos galpóns do Campo da Feira coa presenza do artista begontés, Adrián Vigo, ao que seguiu unha verbena.

Todos e todas as asistentes recibiron como agasallo a bandeira do Concello, o documental *Insuas do Miño* e os libros *De Rapati a Rábade e Rábade comercial. Calzada, camino y vía.*

## Denuncia á alcaldesa por prácticas "contra a base da democracia"

O voceiro municipal do PSdeG en Rábade, Alejandro Martínez, vén de elevar unha queixa á Valedora do Pobo contra a forma de proceder da alcaldesa, denunciando un comportamento que cualificou de "atentar contra os principios máis básicos da democracia". Explica que lle privaron da asistencia ao último Pleno, porque cambiaron a data e só o comunicaron electronicamente a pesar dos problemas informáticos dos que alertou.

"Menoscabouse o meu dereito, porque non se me permitiu participar na deliberación e na decisión que se adoptou na sesión", reprochou o socialista no escrito que fixo chegar á Valedora. "Entendo que se me privou do meu dereito de

exercer as funcións propias do cargo público representativo do que son titular por vontade dos electores do noso municipio, infrinxindo o principio constitucional de participación política, que é un dereito fundamental", engadiu.

Relatou o socialista que o día no que estaba previsto que se celebrase o Pleno chegoulle unha notificación a través da sede electrónica do Concello, á que non puido acceder por un "erro de privacidade". "Sen ter máis noticias ao respecto, o luns día 13 a alcaldesa chamouno e transmitiulle que o resto da Corporación si puido acceder á convocatoria, non así ao contido documental, "procedéndose a celebrar a sesión plenaria sen a miña presenza".

## Convocada unha nova edición do InsuaCamp

Este ano volve convocarse o InsuaCAMP na Casa das Insuas, do 29 de xullo ao 3 de agosto, o campo de traballo que, como todos os anos, centrarase no estudo dos quirópteros forestais e os odonatos.

O InsuaCAMP ofrece un espazo formativo a persoas interesadas en profundar en metodoloxías de estudo de diferentes grupos faunísticos e florísticos, nun dos máis extensos e mellor conservados bosques aluviais da península Ibérica: o que tapiza a conca alta do río Miño en Terra Cha,

na Reserva da Biosfera Terras do Miño. E especialmente nas insuas, máis de 100 hectáreas de bosque e prados seminaturais nas que Morcegos de Galicia conta cunha extensa rede de caixas refuxio.

A inscrición inclúe a comida e a cea. Non inclúe o aloxamento/almorzo, aínda que axudarán aos participantes a xestionalo do modo máis cómodo e eficiente posible. Os traballos de campo comezarán ás 10:30 e terminarán tras a mostraxe de madrugada de morcegos.

## Cambio de mobiliario urbano para humanizar a rúa Músico Crisanto

O Concello vén de recolocar uns bancos de granito na rúa Músico Crisanto co obxectivo de reordenar a zona de aparcamento, evitar que os peóns teñan que camiñar pola estrada e facilitar a entrada aos portais. O Goberno pretende con esta actuación humanizar a zona, ao tempo que xa se pode intuír como quedará a reordenación do tráfico, máis ordenada e acorde cos traballos de mellora nas rúas remodeladas na contorna do campo da feira, o corazón da vila.





**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA



**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA**

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m<sup>3</sup>, 1m<sup>3</sup>-1.7 m<sup>3</sup> Y 2.1m<sup>3</sup>**



**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**NOVEDAD**

**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // [corbar@corbarsll.com](mailto:corbar@corbarsll.com)



## Penas de Rodas celebra a Romaxe o 30 de xuño

A LXIV edición da Romaxe de Penas de Rodas terá lugar o domingo 30 de xuño. Esta popular xuntanza ten lugar na localidade de Gaioso, en Outeiro de Rei, cunha programación variada con xogos infantís, música, baile e moitas sorpresas.

A programación dará comezo ás 10.00 co I Aberto de Billarda, ao que seguirá, ás 11.00, un partido de fútbol, e sobre o mediodía abrirase a IV Feira de Produtos da Terra á que seguirá o pregón, que este ano estará a cargo de Manuel Curiel, director da Semana de Cine de Lugo.

As actuacións musicais comezarán coa sesión vermú, que estará a cargo dúo La hora bruja.

O acto central é o xantar campestre, que dará comezo ás 15.00 horas seguido do espectáculo A Maxia de Ian e Elisa, previsto para as 17.00 horas. Xa antes, haberá xogos populares para nenos e adultos.

Ás 18.00 haberá unha representación da Escola de Teatro de Pe-



nas de Rodas co título Esta si que che é desgracia, para pechar, ás 19.30 horas, a Feira de Produtos da Terra.

Durante a xornada estarán á venda pan, empanadas, polbo e churrasco e haberá tamén servizo de bar.

O sábado 29 (día anterior á Romaxe) farase unha proxección sobre unha das penas. Dura 45 minutos e é unha curta inédita dos anos 50 sobre Galicia.

## Xa hai gañadores da VII edición do concurso de vídeo poemas

Noa Cabaleiro Ribadulla, do IES n.º1 da Estrada, co vídeo poema *A xustiza pola man* e alumnado do CPR Santiago Apóstol de Narón, co vídeo poema *Negra sombra* resultaron gañadores da VII edición do Concurso de vídeo poemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María.

A estudante estradense e os estudantes naroneses (Pablo Bollain Ponce, Pablo Coira Seco, Kiara Fernández Sánchez, Candela Mera Fernández, Anahit Gevorgyan Harutyunyan, Adrián López Fonticoba, Patricia López Pazos, Noa Permuy Díaz, Diego Rodríguez del Pozo, Candela Sánchez Garrido e David Villanueva Villanueva) obtiveron os dous premios outorgados pola Casa-Museo Manuel María durante o acto que se celebrou en Outeiro de Rei.

Na cita expuxéronse os doce traballos finalistas desta edición, entre os máis de medio centenar presentados por distintos centros educativos de toda Galiza. O xurado do certame, composto polo realizador Omar Ra-



buñal Varela, o profesor e guionista, Eduardo Álvarez González, e a profesora e guionista, Anxa G. Refoxo, premiou o vídeo poema *A xustiza pola man*, de Noa Cabaleiro Ribadulla, "por unha sobresaliente interpretación da protagonista cuns planos que transmiten plenamente a variedade de emocións que transitan o poema. Pola plasticidade das imaxes e un ritmo na montaxe que contribúen moi notablemente a conducir e achegarnos á palabra literaria". Así mesmo, premiou o vídeo poema *Negra sombra*, do alumnado do CPR

de Narón, "polo potente e coherente resultado que consegue esta obra coral en feminino utilizando a iluminación como recurso dramático, complementado cunha posta en escena en branco e negro como única gama de cor".

Alén dos gañadores, Sofía Regueiro, do IES Monelos da Coruña, obtivo un accésit polo vídeo poema *Rosas* en que o xurado salientou "pola intelixente solución visual que xogando coa dobre cor, a luz e o ritmo, consegue transmitir a beleza da palabra poética".

## Abre a inscrición para as actividades de verán

Dende este luns 3 de xuño ata o venres 14 de xuño, o Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para as actividades de verán 2024.

As actividades ofertadas polo concello para este verán seguirán temáticas deportivas como pilates, tiro con arco, piragüismo, pádel... e como novidade o I Curso de Pesca. Estarán tamén dispoñibles actividades relacionadas coa cultura e lecer, con campamentos urbanos, obradoiro de plantas aromáticas,

curso de defensa persoal feminina e moito máis.

Ademais levaranse a cabo interesantes actividades de promoción da muller.

Para inscribirse nestas actividades deberase acudir as oficinas municipais do concello de Outeiro de Rei de luns a venres en horario de mañá de 10:00 horas a 14:30 horas.

Para máis información contactar ao 982 39 34 08 ou visitando a páxina web [www.outeiroderei.gal](http://www.outeiroderei.gal).

## Convocado o segundo campus de fútbol para nenos este mes

O SD Outeiro de Rei continúa co seu impulso do fútbol de base e ten convocado para finais de mes a segunda edición do Campus de fútbol, dirixido a nenos de entre 5 e 12 anos, tanto do concello como dos arredores. Os participantes realizarán actividades de fútbol campo e fútbol sala, ademais de outras de ocio como multiaventura, multideporte, excursións e visitas formativas. Contarán con roupa, un seguro e unha merenda todos os días, entre o 24 e o 28 de xuño.

As sesións terán lugar de 9.30 a 14.00 horas entre os días 24 e 28 de xuño. Ten un prezo de cen euros. A inscrición e información pode facerse ata o 7 de xuño nos teléfonos 696 587 957 e 639 286 181.

## Prado reclama en Madrid axudas por ter un centro penitenciario



Os alcaldes dos cinco concellos galegos con centro penitenciario (A Lama, Curtis, Outeiro de Rei, Monterroso e Pereiro de Aguiar) reuníronse co Secretario de Institucións Penitenciarias e o Director Xeral en Madrid.

No encontro tratáronse varios asuntos en relación á afección e incidencia que supón para cada un dos municipios contar cun centro penitenciario.

Actualmente os concellos de Galicia con centros penitenciarios están prestando varios servizos públicos a estas instalacións, servizos que lles supoñen un custo ás

arcas municipais e polas que non se percibe ningún tipo de ingreso do Estado.

No encontro solicitouse a compensación económica equivalente ao importe que se debería percibir polo IBI en cada concello, e outra partida polo impacto que supón nos medios de comunicación e na sociedade as noticias por cumprimento de penas, como se perciben noutros concellos de España.

A proposta foi recollida con receptividade e as dúas autoridades centrais comprometéronse cos alcaldes a que se trasladarían ao Ministerio de Facenda as súas demandas.

## EN BREVE

**SAN MARTÍN DE GUILLAR.** O venres 7 de xuño darán comezo en San Martín de Guillar as festas na honra a San Antonio, cunha churrascada para todos os veciños e colaboradores. Despois será a primeira verbena, con Tania Veiras e Eureka. Ao día seguinte haberá misa solemne ás 13.00 horas con procesión e sesión vermú. Esta estará ao cargo de Los Españoles, que tamén tocarán na verbena xunto a Cinema. O domingo 9 chegarán as festas ao seu final coa sesión vermú, que estará a cargo do dúo Eclipse. Esta terá lugar despois dos oficios relixiosos.

**CURSO.** O Concello de Outeiro de Rei colabora co Sindicato Labrego Galego na posta en marcha dun curso de plantas aromáticas e medicinais de 14 horas de duración, no que as persoas participantes realizarán saídas para a identificación e recollida de plantas e adquirirán coñecementos sobre o seu procesamento e utilidade. O curso está previsto que se realice os días 11, 18 e 25 de xuño e o 2 de xullo en horario de 16:30 a 20:00 horas. Para anotarse ou recibir máis información poden chamar ao 982 231 154 ou ao 982 393 408; este curso é gratuito e o prazo de inscrición estará aberto ata o 7 de xuño.



## Recrudécense as críticas pola falta de médico no centro de saúde

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, sumouse de novo ás protestas dos veciños pola “mala atención” que se lles está a dar no centro de saúde. Segundo explican o médico, que ten unha prórroga da súa xubilación vén días soltos sen unha periodicidade clara, polo que os veciños non saben cando vai estar para atendelos.

Como explica o alcalde, os veciños non teñen adonde facer chegar as súas queixas. “Muras ten unha poboación envellecida e moi dispersa, cunha características moi especiais, e non se lle están a prestar os servizos médicos que necesita, o que debería ofrecer un servizo público de saúde”, engade.

Unha das queixas da veciñanza é que cando non teñen médico en Muras acoden a Oural ou a Xermade, concellos veciños, e tampouco os queren atender “porque non teñen cartilla nese centro”.

No centro médico de Muras atendía



de xeito habitual un médico, un enfermeiro e un administrativo pero debido á situación actual, non se conta con esa atención de xeito continuado “polo que o Concello queda se atención sanitaria a maior parte dos días e cando non vén tampouco avisan con antelación”, di o alcalde. Xa vai por un ano que esta situación se mantén no tempo en Muras “non parece ir cara unha solución”, apunta Requeijo, que culpa á Xunta de mala

xestión. “Estas son as políticas do PP de desmantelamento do rural” afirma.

Desde Muras apostan por un cambio de xestión da sanidade para as zonas rurais. “Hai que darlle a volta ao sistema que temos. Con tanta poboación maior, o que pide agora o sistema é que non sexa o enfermo o que vai ao centro de saúde, senón que sexa o médico o que vaia aos domicilios”.

## O PP acusa ao alcalde de cobrar ilegalmente o soldo

O PP advirte que “o alcalde de Muras está a cobrar o seu salario de forma irregular porque se saltou a lei no Pleno no que se aprobou a súa dedicación exclusiva”.

O procedemento para a votación nos Plenos está recollido no artigo 100.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais: “No caso de votacións con resultado de empate efectuarase unha nova votación, e se persistira o empate, decidirá o voto de calidade do presidente”.

É dicir, a votación para a aprobación do seu soldo non ten validez legal porque ao haber empate (3 votos a favor, 3 en contra e 1 abstención), habería que votar de segundas; pero non se fixo”, explica a portavoz popular, Eugenia Requeijo.

## Convocadas a Romería da Xestosa coas poxas e as festas de San Xoán

Muras celebrará a súa tradicional Romería de San Antonio da Xestosa a fin de semana do 8 e 9 de xuño. Así, as festas darán comezo o sábado coa misa ás 12.30 horas con procesión seguida de sesión vermú con Alma Latina e, pola noite, este mesmo grupo acompañará ao dúo Estrellas na verbena.

Ás 15.00 horas está previsto o xantar popular no campo da festa a base de paella, churrasco de cocho, chourizo e *criollo*, patacas, tarta xeadada, café e licor por un prezo de 30 euros. As persoas interesadas en asistir deberán anotarse antes do 5 de xuño. Habrá colchonetas

de balde e á medianoite fogos de artificio. O domingo, haberá oficio relixioso tamén á mesma hora e sesión vermú prolongada co trío Zafiro.

Ademais, a noite do sábado 22 de xuño estará cheo de comida e diversión para as festas de San Xoán. O programa comezará ás 21.00 cuns pinchos de chourizo e liscos á brasa, acompañados de pan. A partir das 22.00 será o turno do dúo Meritxell, que amenizarán a noite coa súa música. Como colofón, terá lugar un sorteo de bolos de pan caseiro, queixo de lorán, unha cesta variada e máis cousas.


## O alcalde explica aos provedores as razóns dos atrasos nos pagos

O alcalde de Muras, Manuel Requeijo, enviou unha carta a todos o provedores pendentes de pago do Concello na que explica os atrasos neste último semestre.

Segundo indica na misiva, os atrasos non teñen que ver con ningún problema económico ou de falta de liquidez, senón “ao bloqueo permanente da oposición na aprobación do expediente de pago no Pleno municipal”.

Explica o alcalde que levou aos dous plenos de abril e maio o expediente de pago das facturas, todas elas pendentes por cuestións administrativas, como correccións de erros ou esgotamento da partida orzamentaria. “Nos dous plenos, o Partido Popular e o PSOE votaron en contra do acordo, impedindo coa súa maioría que poidamos proceder a abonar as facturas polas prestacións que nos ten feito”, di. Así mesmo, Requeijo asegura que seguirá traballando para que dar solución a este “desasistado bloqueo” para poder facer os pagos o antes posible.

O alcalde criticou con anterioridade a “alianza” entre PSOE e PP para “tratar de bloquear o concello de Muras”. “Ambos partidos da opo-



sición están empeñados en facer pinza contra o goberno local, aínda que sexa a costa de privar aos autónomos e empresas de Muras e da comarca de cobrar as súas facturas polos traballos e subministracións realizadas”, dixo.

“Eu seguirei traballando polos intereses da veciñanza de Muras, lles guste ou non á oposición e levarei de novo o acordo ao pleno para pagar esas facturas e as axudas porque as empresas e veciños non teñen culpa de nada. Para cobrar eles as súas dietas non votan en contra. Espero que expliquen publicamente as razóns do voto negativo, a ver se nos enteramos polo menos, porque no pleno e na comisión non dixeron un só argumento razoable”, tiña engadido.

## Muras acolle o día 3 de agosto a Ruta Cabalar que organiza Atila

O Concello de Muras acollerá o 3 de agosto unha nova edición da ruta cabalar que organiza a Asociación Atila en colaboración co Concello. Nesta ruta poderán participar a cabalo ou a pé, para o que é necesario apuntarse no teléfono 667 609 990. O prazo para anotarse remata o 31 de xullo e o prezo da comida é de 28 euros por persoa.

A ruta terá a súa saída ás 10.00 horas e contará con pinchos a media mañá. A clausura será nun xantar servido polo bar Rochela de Vilalba, que ofrecerá un menú a base de empanada, polbo, churrasco, postre, café e chupito. Pola tarde haberá actuación musical e xogos para todos os públicos, ademais de agasallos para os participantes.



**RESTAURANTE DE VILALBA PRECISA PERSOAL PARA COCIÑA**  
**TEL.: 627 065 019**



## COLABORACIÓN

## Pastora Veres

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Non sería xusto esquecerme de escribir unhas letras sobre unha das poucas persoas nativas dos Vilares que, como Xosé María Díaz Castro, publicou un libro e que, ademais, escribiuno en galego, neste querido e maltratado idioma que os vilaregos e vilaregas xa escoitábamos no berce. Díaz Castro, ferido pola beleza, foi quen soubo expresar mellor que ningún o sentimento desta terra, dos seus montes e dos seus penedos, sen embargo Pastora deixounos no seu libro, "Lareira de sonos", nítidas pinceladas da nosa historia e do xeito de vivir dos nosos veciños e veciñas, pero que se pode extrapolar a todas as aldeas de Galiza.

A escritora cumpriu o encargo que lle fixera Manuel María en 1991, cando veu ler o pregón da Romaría Labrega da Chaira e inaugurar unha exposición de fotos antigas que organizou ela e outras rapazas, dándolle voz a

aqueles persoas das fotos, que nunca a tiveron e, si a tiveron algunha vez, nunca foron escoitadas. Persoas sinxelas que hai en todas as aldeas de Galiza, personaxes que pasan desapercibidos pero que teñen moito que dicir si houbera alguén que os quixera escoitar e ela puxo o oído para deixar na historia todas esas cousas que doutro xeito quedarían esquecidas coma se nunca houberan pasado. Non se contentou con escoitar aos veciños que se quedaron na aldea, senón que se desprazou a diáspora para oír tamén os problemas, as alegrías e sufrimentos dos veciños e veciñas que emigraron a Barcelona ou a Euskal Herria, aparecendo tamén no libro descendentes de veciños que emigraron ao continente americano e que buscaban aos seus familiares na Galiza.

Cando o historiador e vello amigo, Felipe Senén, veu ler tamén o pregón da Romaría Labrega da Chaira dos Vilares, gustoulle moito a paisaxe e dixo que non era raro que Pastora, ao igual que Díaz Castro, tivera sempre unha gran devoción e un gran cariño pola parroquia que a viu nacer e iso demostrouno sempre que tivo

ocasión. Ela afirma: "Vaia onde vaia e veña de onde veña, sempre virei para Os Vilares. Podería ser calquera tribo, pero é a miña, Os Vilares, nimbos de luz da chaira que encheron de perfume o mundo".

Desde unha páxina de Facebook, que leva o mesmo nome que o libro e que aínda conta con un gran éxito, empezou dando noticias dos Vilares e servía de medio de comunicación entre os veciños que vivían nela e os que nos atopábase na diáspora.

Ao seu lado está sempre o marido, Antón Tenreiro (Antón de Guizán), un gran activista cultural que a anima a escribir e que, ademais de traballar na Asociación "Lar de Unta" de Betanzos, entre ambos fundaron a Nova Poesía Guitirica (NPG) e a Asociación Socio-Cultural Lareira de Sonos, das que el é a alma mater; asociacións que crearon actividades tan importantes, e que se celebran anualmente, como o Festival de Poesía de Guitiriz, o premio poético "Vilariñas" (un poema curto, que consta, a poder ser, de un só verso), o galardón "Trapeiro de Honra" e moitas máis actividades culturais. Grazas a eles, a Alfonso Blanco Torrado e Xermolos, Guitiriz é unha



das vilas mais activas de toda Galiza no terreo cultural.

Polo libro de Pastora podemos saber nosoutros, e as xeracións futuras, historias curiosas, como a de Manuel de "Zoqueñas" (O Milmañas), que foi no mesmo barco para Cuba que Ángel Castro Argiz, pai de Fidel Castro; que conversaron durante a viaxe e que tanto un coma o outro se instalaron en Birán, provincia de Oriente (hoxe Holguín), onde O Milmañas instalou unha carpintería, na que se escondía Fidel cando era neno para que non o vise seu pai pola rúa. O vilarego seica dicía que "Fidel era moi listo, moi superior aos demais".

Sabemos tamén que arredor do

1950, Franco chegou ós Vilares e ao Buriz cos seus soldados e unha infernal maquinaria de guerra, para facer unhas manobras na serra de Montouto, que asustaron varios veciños ao caerlles algunhas bombas cerca da casa, o que probablemente deu pé para que Fermín Bouza Brey escribira o precioso poema "Adeus", que empeza así:

Teño pena das penas do Buriz,  
afincadas, estoicas,  
na gándara asombrada  
da metralla e das bombas.

Deixounos historias de moita mais xente, xa que o prologuista e periodista Man Castro, primo de Díaz Castro, tamén descendente de vilaregos e amante dos Vilares, afirma que Pastora "cóntanos vidas de película". Agora, ela e mais Luz Campello, outra gran poeta, están entrevistando a Alfonso Blanco, fundador de Xermolos, para publicar un libro que deixe constancia do inmenso traballo social e cultural que levou a cabo durante tantos anos na chaira este incansable crego, para que non se esqueza e quede aí como exemplo para as futuras xeracións.

Benvido será tamén ese libro!

## TELÉFONOS DE INTERESE

## ABADÍN

Concello: 982 50 80 21  
Garda Civil: 982 50 80 11  
Centro de Saúde: 982 50 81 22

## A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60  
Garda Civil: 982 34 90 20  
Centro de Saúde: 982 33 21 41

## AS PONTES

Concello: 981 45 31 16  
Policía Local: 981 45 31 91  
Garda Civil: 981 45 00 05  
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

## BEGONTE

Concello: 982 39 61 43  
Garda Civil: 982 39 80 08  
Centro de Saúde: 982 39 69 02

## CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32  
Garda Civil: 982 31 40 02  
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18  
Castro de Rei: 982 31 42 11  
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

## COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57  
Garda Civil: 982 52 00 17  
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20  
Feira do Monte: 982 50 34 69  
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

## FRIOL

Concello: 982 37 50 01  
Garda Civil: 982 37 50 02  
Centro de Saúde: 982 37 10 98  
Cita Previa: 982 37 10 05

## GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00  
Garda Civil: 982 37 00 01  
Centro de Saúde: 982 37 21 10  
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

## MEIRA

Concello: 982 33 01 02  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 35 69 27  
Cita previa: 982 33 02 40

## MURAS

Concello: 982 50 00 01  
Garda Civil: 982 50 00 20  
Centro de Saúde: 982 50 01 23

## OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Ambulancia: 982 23 16 13  
Centro de Saúde: 982 39 25 98  
Cita previa: 982 39 32 67  
P.A.C.: 982 39 34 00

## POL

Concello: 982 34 50 29  
Garda Civil: 982 33 00 04  
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

## RÁBADE

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52  
Garda Civil: 982 39 00 05  
Centro de Saúde: 982 39 01 01

## RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

## VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16  
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50  
Garda Civil: 982 51 03 07  
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

## XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03  
/ 982 50 10 27  
Garda Civil: 982 50 10 08  
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: [www.terrachaxa.com](http://www.terrachaxa.com)



**Emerxencias: 112**  
**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**  
**Garda Civil: 062**



## TELÉFONOS DE INTERESE

TERRACHAXA

Para calquera suxestión,  
información ou comentario  
non dubide en poñerse en  
contacto con nós.



# DEPUTACIÓN

## A Deputación destina 30.000 euros ao impulso do pequeno comercio

O presidente, José Tomé Roca, asinou un acordo de colaboración co presidente da Federación de Comercio, José María Seijas, para apoiar o funcionamento da oficina técnica que o colectivo ten en Lugo e na que traballan 8 persoas para informar e asesorar aos establecementos e asociacións do sector.

A institución provincial achega 30.000 euros ao colectivo para o funcionamento da oficina técnica de información e asesoramento ao comercio da provincia, un servizo que conta con 8 traballadores.

José Tomé afirmou que institución provincial renova esta colaboración no marco do seu compromiso de seguir apoiando ao tecido empresarial porque “manter unha oficina de asesoramento é crucial para o seu desenvolvemento e crecemento”. “Seguimos traballando para impulsar a economía local e brindar oportunidades aos emprendedores, axudarlles no seu día a día, dándolles respaldo e os recursos necesarios para que poidan desenvolver a súa actividade. Os nosos comerciantes



locais son máis que simplemente vendedores: son membros activos e valiosos da nosa comunidade”.

Para o mandatario provincial é “moi importante que estas oficinas estean en Lugo porque supón unha vantaxe importante para os comerciantes da nosa provincia que se poden achegar en persoa dende os seus negocios a resolver calquera dúbida ou realizar calquera xestión cos técnicos, ao igual que tamén os técnicos acoden aos comercios para informarlles en persoa de campañas ou proxectos que están desenvolvendo, por exem-

plo”, resaltou.

Puxo en valor o asesoramento que prestan dende a Federación porque “contribúe a mellorar e potenciar a competitividade do comercio de proximidade”. “A Deputación é consciente do papel fundamental que teñen os pequenos negocios na economía local e provincial e na xeración de emprego”. Así mesmo, incidiu en que esta axuda servirá para traballar nos retos que teñen por diante, “que pasan por sensibilizar aos consumidores da importancia de mercar nos establecementos de proximidade”.

## Máis de 2,2 millóns de euros para seguir mellorando a rede viaria

A Xunta de Goberno aprobou investimentos de máis de 2,2 millóns de euros con actuacións para renovar a rede viaria provincial e tamén para o seu mantemento. Son catro as vías provinciais que se verán beneficiadas, que discorren polos concellos de Friol, Outeiro de Rei, Begonte, Cospeito, Lugo, Guntín e Paradela. Por unha banda, aprobouse a adxudicación das obras de acondicionamento dun novo tramo do Cinto Comarcal, a LU-P-1611, ao seu paso por Friol, Outeiro de Rei e Begon-

te por un importe de algo máis de 700.000 euros. Os traballos afectarán ao treito que vai dende o punto quilométrico 49 ao 57, e teñen un prazo de execución de 3 meses, pero a empresa adxudicataria comprometeuse a telos rematadas en 5 semanas. Consistirán na limpeza de cunetas, drenaxe, pavimentación e sinalización correspondente.

En Cospeito, a Xunta de Goberno aprobou a adxudicación de obras de mellora na LU-P-1702, que vai dende Feira do Monte a Fontefría polo Pino,

cun investimento de preto de 92.500 euros. Nesta estrada renovarase o treito que vai dende o inicio da vía ao quilómetro 1,365. O prazo de execución é de 2 meses, pero a empresa que vai realizar estes traballos comprometeuse a telas rematadas en 3 semanas unha vez comecen.

Por outra banda, tamén saíu adiante a adxudicación de obras de mellora na estrada provincial que une Lugo con Guntín, a LU-P-2913, e a renovación en Paradela da LU-P-4202, entre Pacios e Currelos por Aldosende.

## Adxudicadas as tarefas de desbroce en estradas

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a adxudicación, por 571.396,47 euros, dos traballos de desbroce de estradas provinciais ao seu paso por 11 concellos da provincia. “Nas vindeiras xuntas de goberno adxudicaranse os traballos para o resto de vías, ata completar os 4.217 quilómetros que conforman a rede de estradas coa que conta a Deputación”, avanzou Rivera Capón.

As tarefas de desbroce corresponden ás zonas de 5 lotes do contrato, que son as que afectan aos concellos de Castro de Rei, Pol e Meira; Castroverde e O Corgo; Ribeira de Piquín e A Fonsagra-

da; Nogueira de Muñiz e Navia de Suarna; e Chantada e Carballedo. O contrato para acometer os desbroces da rede viaria provincial está dotado con máis de 3 millóns de euros e está dividido nun total de 24 lotes.

“A rede de estradas da Deputación é a máis extensa de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos. De feito, neste ano 2024 están consignados 20 millóns de euros nos Orzamentos para as estradas provinciais, o que supón un incremento dun 42% no último mandato”, sinalou Rivera.



## Presentan nun congreso o sistema de atención aos maiores da entidade

A Deputación de Lugo acolleu a xornada *A prestación de servizos de calidade ás persoas maiores nos municipios de pequeno tamaño como estratexia contra o despoboamento*, organizada pola Fundación Democracia y Gobierno Local en colaboración coa propia institución provincial. O congreso, ao que asistiron un centenar de persoas, reuniu a expertos e profesionais do sector da prestación de servizos sociais que destacaron a rede pública de Centros de Atención a Miores da Deputación como exemplo de políticas útiles para favorecer o benestar social e afrontar o reto demográfico, e, polo tanto, como estratexia eficaz para fixar poboación.

Rivera Capón sinalou que “a atención á terceira idade é unha das

prioridades da nosa provincia. Unha obriga sanitaria, un compromiso de xustiza social ineludible e tamén un elemento clave para reverter as tendencias demográficas adversas que continúan a drenar a poboación do rural”. Sinalou o Deputado que “ninguén quere, nin pode, vivir nun lugar no que non haxa escola infantil, colexio, médico ou servizos de atención aos maiores que lles permitan recibir os cuidados que precisan sen ter que marchar do seu entorno familiar”.

Destacou que atendendo a criterios da Organización Mundial da Saúde (OMS), Lugo debería contar con 4.863 prazas de residencias e lamentou que “o Goberno da Xunta presume de que ten 400 prazas públicas e preto de 1.000 en residencias concertadas”.

### ÚLTIMA GUÍA SOBRE O ROMÁNICO

A Catedral de Lugo acolleu a presentación da cuarta e última guía do románico editada pola institución provincial para difundir e poñer en valor este patrimonio na provincia, dedicada ás comarcas de Lugo, A Terra Chá e A Mariña. Un libro que, tal e como explicou José Tomé, vén a completar o proxecto editorial que iniciou a Deputación no ano 2021 con publicacións sobre este tipo de arte no conxunto da provincia.





## DEPORTES



## O Guitiriz xuvenil faise co Torneo Delegación entre as finais de Copa

O Guitiriz fíxose co Torneo Delegación da categoría xuvenil logo de vencer de forma clara e contundente ao Corgo por 3-0. Os dous equipos disputaron a final do Torneo Delegación na Chegada na tarde do sábado. Os brancos adiantáronse cedo, no minuto 9 despois de varias ocasións. Logo do gol anulado aseguraron a vitoria co segundo antes do descanso. Na terceira chegou o terceiro para levarse a Copa.

O Guitiriz accedeu á final logo de desfacerse do Iberia en semifinais mentres que o Corgo venceu a domicilio ao Palas B.

**COPA DEPUTACIÓN.** As categorías do fútbol base, entre prebenxamín e xuvenil, escolleron aos gañadores das Copa Deputación 2024.

Na categoría xuvenil o título foi para o Milagrosa, que se fixo coa Copa despois de obter o ascenso á Galega na fase de Liga. Os lugueses impuxéronse ao Becerreá por 2-0 na final celebrada no campo da Ribela de Sarria.

Xove foi o lugar escollido para a

final cadete, na que dous equipos da Mariña competían polo trofeo. Foi o Viveiro o que levantou a Copa logo de vencer ao Lourenzá por 0-2.

Na categoría infantil o gañador foi escollido entre o Residencia e o Piringalla, que mediron as súas forzas para facerse co trofeo no campo Luis Gorgoso de Lugo.

Tamén repartíronse os tres trofeos no fútbol 8. Despois de celebrar a fase previa, 8 equipos en cada categoría clasificáronse para a final, co modelo Final Four. Na alevín o gañador foi o Lugo, que venceu ao Casás no último partido. Os albivermellos son deste xeito campións de Liga e de Copa.

Na benxamín foi o Piringalla o que se alzou co preciado título ante o Viveiro. As dúas finais de Copa disputáronse en Vilalba, repartidos entre o estadio Roca e a Madalena. A Copa prebenxamín foi para o Santiago de Foz, que levantou o trofeo de campión no campo da Cheda. Venceu no último partido ao Piringalla, equipo campión da Liga regular.



**LOITA.** Por terceiro ano consecutivo, o Club Loitas Olímpicas Vilalba Libre e Grecorromana logrou o primeiro posto na Liga Galega de Deporte Base despois da xornada final que se celebrou no Pavillón do Restollal en Santiago de Compostela. A escola clasificárase previamente na Xornada Norte do mes de abril da que saíron os 3 equipos que, xunto aos mellores equipos da Xornada Sur, conformarían os 6 equipos da final A na que se enfrontan entre todos.

## Alberto López substitúe a Lamas na dirección do Rácing Vilalbés

Simón Lamas non continuará no Racing Vilalbés a vindeira tempada. Así o anunciou o propio adestrador unha vez rematada a tempada e co equipo de regreso á Terceira División despois dun ano facendo historia en Segunda Federación.

Logo de toda unha vida dedicada ó club, no que se iniciou de rapaz no fútbol base e no que continuou cunha extraordinaria traxectoria desde o banco, "o club perde a un gran profesional e a unha excepcional persoa", anunciaron desde a entidade.

Máis aló dos fitos históricos acadados da súa man, como os ascensos a 2ª RFEF ou a División de Honra Xuvenil, "sempre nos quedaremos co seu enorme compromiso e traballo. Non é nada doado contar nun proxecto con alguén con tanto sentimento de pertenza e que loitara tanto por facer medrar o club día tras día".

Os responsables do club reiteraron o seu agradecemento, "só nós queda desexarlle moita sorte para o futuro, tanto no eido persoal como no pro-



fesional. Moitas grazas por todo, Simón! Aquí sempre terás a túa casa". O club presentou seguidamente a Alberto López como novo técnico do equipo para substituír a Simón Lamas, que o dirixiu durante 6 tempadas. Na presentación o novo adestrador estivo acompañado do presidente do club, Juan José Vázquez Carreira, e do director deportivo, Pablo Vivero.

Alberto López terá como meta volver a levar ao equipo á Segunda RFEF, da que caeu este ano despois dunha

tempada histórica. O técnico vén do Viveiro, onde estivo dúas campañas, despois de dirixir equipos como Lemos, Arzúa, Sarriana, As Pontes e Castro. No último ano, o técnico logrou co Viveiro a permanencia tras unha segunda volta magnífica.

Tamén se deu a coñecer a renovación do primeiro capitán, Diego López, Make, Vérez e Santomé, así como as baixas de Torrado, Quico, Nathaniel, Ibrahima e Carrión. Tamén se anunciou a fichaxe de Fito Periale.

### AXENDA DE ACTIVIDADES

**FÚTBOL 7.** O CD Castro organiza o terceiro torneo de fútbol 7. Disputaranse no anexo Arturo Pereiro os días 5, 6 e 7 de xullo e contarán con servizo de bar e bocadillos. O prezo da inscrición é de 150 euros e haberá un máximo de 36 equipos con 12 xogadores por equipo como máximo. Os premios irán de 1500 puntos a 250 puntos. Os catro primeiros clasificados recibirán un trofeo e, ademais, haberá un trofeo para o mellor dos equipos non clasificado entre os catro primeiros.

**PORTAS ABERTAS.** O Concello de Begonte FS invita a todos aqueles que queiran coñecer ao equipo a achegarse ao club, dirixido a pequenos das categorías de biberón a xuvenil, tanto masculino como feminino, que comprende a nenos nados en 2018 ata os de 2005. As xornadas de portas abertas estarán en activo entre o 3 e o 21 de xuño. As persoas que desexen participar deberán solicitalo a través de whatsapp no teléfono 679 711 709 ou no correo ascanicasdebegonte@gmail.com

**MARATÓN FS.** O Esteo FS organizará un maratón de fútbol sala con motivo da celebración das Festas do Carme que terá lugar do 28 ao

30 de xuño. A inscrición poderase realizar ata o día 25 deste mes. O maratón establece tres categorías, a masculina, a feminina e os veteranos, maiores de 38 anos. Haberá catro gañadores en cada una das categorías con premio económico para os catro primeiros con trofeo para os catro primeiros.

**CAMPUS.** O Vilalba FS organiza este ano a quinta edición do Campus Mixto, que está convocado para celebrarse entre o 24 e 28 de xuño. Durante este campamento desenvolveranse actividades de fútbol sala, baloncesto, tenis e moitos outros deportes en xornada continuada de 9.30 a 19.30 horas con aperitivo, comida e merenda.

**CARREIRA POPULAR.** Begonte organiza o día 30 de xuño a nova edición da Carreira Popular. Ademais, haberá unha andaina para todas as idades que dará comezo ás 10.00 horas cunha distancia de 7 quilómetros. O apartado deportivo arrincarará coa carreira absoluta será ás 11:00 horas e constará tamén de 7 quilómetros. Ás 12:00 horas comezarán as probas infantís. Os premios serán para os tres primeiros na carreira absoluta masculina e feminina.

### O Cidade de Lugo gaña o Descenso do Miño por cuarto ano

O club Cidade de Lugo subiu ao máis alto do podio no Descenso do Miño de Lugo, a regata máis antiga de Galicia, seguido polo club Náutico de Cobres e o Cabanas KDM. A cidade acolleu a LXVI edición da proba, con saída en Rábade e na que participaron 100 deportistas.

Despois de percorrer 17 quilómetros os padexeiros chegaron á liña de meta, situada na ponte romana de Lugo. Ao final da competición, o equipo de piragüismo Cidade de Lugo levou a vitoria por cuarto ano consecutivo, logrando un total de 715 puntos. En canto aos resultados individuais, Jesús Rodríguez e Francisco Vázquez do Fluvial O Barco foron os gañadores. A parella do Naval de Pontevedra de Carlos Álvarez e Anxo García levou o segundo posto con Carlos Álvarez e Saulo Molina do Cidade de Lugo en terceira posición. As primeiras clasificadas da categoría de K2 muller sénior foron Iris Collazo e Iria Rosendo do Náutico Cobres, seguidas por Avril Freire e Alba Vázquez do Náutico Ou Muiño. Por último, na categoría de K1 sénior masculino, subiron ao podio Xoel Docal do Ría de Betanzos, Miguel Pérez do Piragüismo Cambados e André Corredoira do Cidade de Lugo.



# “É un deporte no que se inicia moi cedo, xa que temos peques desde os 3 anos”

Verónica Ramos Pena, adestradora e presidenta do club de ximnasia rítmica CDR As Pontes

## Cando naceu o club e que percorrido tivo nestes anos?

O club nace no ano 1995 chamándose club Danigal dando nome a unha empresa pontesa que había nesa época, nos primeiros inicios a persoa responsable foi Ana, que co club e a Escola municipal achegaron a ximnasia rítmica a moita xente. Logo de Ana chegaron Sandra, Helena e Cristina, que foron as que quedaron co legado do club no que elas mesmas adestraron. Foron elas que incrementaron a participación de moitos ximnastas, tanto no club como na escola municipal, retomando a ximnasia de competición. Na actualidade do club seguimos medrando e temos sede en San Sadurniño.

## De que logros se senten máis orgullosos?

Pois precisamente este ano en concreto o club logrou a súa primeira medalla nacional, conseguímolos por medio do benxamín Bernardo Gonçalves Oliveira, na categoría base.

## Cantos ximnastas e de que categorías tedes actualmente? E adestradores?

Agora contamos en competición cuns 45 nenos e nenas, e en total do club somos sobre 100 nenos e nenas, entre a escola municipal das Pontes e a escola de San Sadurniño. Como adestradores este curso están Laura, Ainara, Verónica e Paula.

## Experimentou un crecemento nos últimos tempos?

Si, experimentamos un crecemen-

to importante tanto en volume de pequenos como en incremento das categorías que presentamos.

## Como se presenta a fin de tempada? Que obxectivos hai?

A tempada estamos rematándoa cos campionatos galegos, debido a que clasificamos a case todos os ximnastas nos campionatos provinciais facendo incluso dous podios a nivel provincial sendo as benxamíns escolares terceiras da súa categoría e os infantís de promoción campións provinciais.

## Tamén as xuvenís foron terceiras en promoción.

Por outro lado o noso ximnasta benxamín absoluto enfrontarase ao campionato nacional os días 20 a 25 de xuño, proba que se celebrará en Avilés.

## Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

Os proxectos son sempre ir medrando pouco a pouco. A ximnasia é un deporte no que non se pode ter prisa en medrar xa que temos que priorizar o benestar dos nosos ximnastas.

## E que necesidades hai?

Pois temos necesidades coma todos os clubs de máis horas de pavillón, xa que a rítmica é un deporte que require de moitas horas, sobre todo a niveis nacionais coma os que temos agora.

## Contan con axuda para manter o club activo?

Temos a sorte de contar cun apoio económico do Concello das Pontes



bastante importante. E tamén da Deputación da Coruña.

## Que nos pode dicir da afección?

Sen dúbida temos una afección increíble cuns pais e nais implicados ao cento por cento, que están aí sempre apoiando e que axudan en todo o que poden.

## Ademais da competición programan outra serie de actividades?

En setembro comezaremos as clases

abertas que serán sen compromiso ningún e de balde e que serven para que a xente coñeza o que facemos e poda unirse a nós.

## Cal é a idade máis apropiada para practicar este deporte?

É un deporte no que se inicia moi cedo, xa que temos peques desde os 3 anos. Pero como eu digo sempre, nunca é tarde para empezar, ao final temos que atopar o deporte que nos

guste e para iso temos que probar.

## E cando se deixa?

Por desgracia moitos ximnastas déixano moi cedo con 17/18 anos, pero que deixen de competir non soe ser o mesmo que se desvinculen do deporte, xa que é un deporte que engancha, e entre os máis veteranos créanse moitos vínculos xa que son moitas horas compartidas.

## Que beneficio aporta?

Son moitos os beneficios, dende físicos como psicomotricidade, control de postura corporal etc. Aínda que na miña opinión, é un deporte que axuda moito a nivel psicolóxico xa que os ximnastas dende moi pequenos teñen que aprender a saber demostrar en 2 minutos todo o esforzo dedicado ao longo da tempada e hai veces que sae ben e outras que os nervios xogan malas pasadas...

## A ximnasia sempre foi unha actividade feminina pero agora xa hai representación masculina. Estase rompendo esa barreira?

Eu persoalmente considero que a ximnasia ten que ser mixta en todos os seus ámbitos, e non entendo como a niveis internacionais non se considera nin deporte a ximnasia masculina xa que sen dúbida en España somos pioneiros en ximnasia masculina tendo grandísimos exemplos. No noso club temos dous nenos e oxalá foran moitos máis, xa que eles teñen unha forma moi explosiva de ver este deporte. Temos un ximnasta alevín que está competindo este curso en categoría infantil sendo o máis pequeno do seu grupo, pero sen dúbida iso non impide que sexa un imprescindible. Por outro lado está o noso ximnasta benxamín absoluto que neste curso conseguía subir dende a categoría escolar ata a categoría máis alta que é a absoluta, conseguindo un podio nacional na categoría base.

## Ascensos para o Vilalba FS feminino e o masculino do Concello de Begonte

O Pavillón Municipal de Deportes de Vilalba acolleu o último partido de Liga do Grupo Formata Vilalba FS feminino, no que obtivo o título de Liga da Preferente Galicia que ten como premio o ascenso a Segunda División Nacional.

O equipo de Kini chegou ao derradeiro partido empatado a 78 puntos co Fisober FS que foi case toda a tempada líder pero que perdeu coas vilalbesas os dous partidos xogados entre elas polo que o equipo chairego dependía de si mesmo para alzar-se co título.

Para iso venceu ao Ribeira por un contundente 3-0. O equipo lugués estaba cuarto clasificado.

As rapazas do equipo vilalbes com-

pletaron así unha temporada excepcional, cunha segunda parte de campionato no que non cederon ningún punto e recortaron a desvantaxe de seis puntos que tiñan ao final da primeira volta co primeiro clasificado, poden facer historia e lograr o primeiro ascenso á Segunda División Nacional dun equipo feminino vilalbes.

O equipo sénior do Concello de Begonte FS logrou recuperar a súa praza na Terceira División, da que descendeu a pasada tempada.

O equipo begontino venceu no último partido da fase de ascenso ao Lugo Sala Automóviles Losada B por un axustado 5-6. Nas semifinais superou tamén ao Alto do Vento



por 2-3. O Concello de Begonte firmou unha boa tempada finalizando en cuarto lugar da táboa pero moi próximo en puntos aos 3 primeiros.

Únese así ao Concello de Friol FS, que ascendeu tamén este ano directamente, despois de quedar campión de grupo.

## As Pontes acolle a Primeira Carreira Green Power

O circuito das Pontes acollerá este sábado, 8 de xuño, a Primeira Carreira Greenpower Ibérica, proxecto no que participan varios centros de FP de Galicia, entre eles o IES Plurilingüe Castro da Uz, en colaboración coa Universidade Politécnica de Enxeñaría de Ferrol.

Greenpower Iberia forma parte dunha rede de máis de 2.500 equipos a nivel internacional con 25 anos de experiencia iniciando carreiras profesionais na enxeñaría.

Axudan a desbloquear o potencial e a despertar o entusiasmo pola Ciencia, a Tecnoloxía, a Enxeñaría e as Matemáticas (STEM) a través da emoción dos deportes de motor.

Equipos de estudantes de 9 a 25 anos de todo o mundo compiten en eventos de Greenpower en Iberia, Reino Unido e outros países, incluídos Estados Unidos, Polonia e China.



## DE RUTA EN RUTA

# Vilalba: Camiño Norte a Santiago

Consta de dúas etapas, a primeira desde Abadín e a segunda ata Baamonde coa vila como lugar de descanso dos peregrinos

**V**ilalba forma parte do Camiño de Santiago, máis concretamente do Camiño do Norte. Polo seu termo municipal atravesan dúas etapas, a primeira entre Abadín e a propia capitalidade, e a segunda, a que vai ata Baamonde. Percorrerla permitirá ao camiñante desfrutar de varias xoias patrimoniais. O Camiño do Norte permite chegar a terras vilalbesas desde Abadín, iniciando o percorrido á saída da localidade collendo unha pista a man dereita que vai en suave descenso.

Durante toda a etapa camiñase contemplando terras de cultivo e pastos con gando alternados con paisaxes de vexetación autóctona, predominando as formacións arbóreas de carballos e bidueiros. A ruta entra en Vilalba pola parroquia de Corbelle. Á altura de Martiñán, crúzase a N-634 para dirixirse cara á Pontevedra de Martiñán, que permite cruzar á outra beira do río Batán. Esta ponte data do século XVII, ten tres arcos desiguais e a súa calzada é o elemento diferenciador



deste recurso arquitectónico, limitado por un muro de pedra de granito como laxes encaixadas na plataforma da ponte, o que a converte nunha obra única, difícil de atopar noutros lugares de Galicia.

A seguinte parada é a parroquia de Goiriz, onde atoparemos xusto antes de cruzar a N-634, a Capela de Fátima, a man esquerda. Trátase dunha peza do século XVI e, fronte a ela, sitúase un antigo cruceiro.

Xunto á estrada, sitúase a igrexa parroquial, templo levantado no século XVI e reformado con posterioridade. Antigamente, utilizouse como refuxio dos infractores da xustiza, que non podían ser detidos polas autoridades no seu interior, a pesar de que despois fosen obxecto de xuízo e prisión. Aos seus pés sitúase o seu particular cemiterio neogótico, construído polos canteiros da veciña parroquia vilalbesa de Román.



Despois, xusto no desvío que leva ao polígono industrial de Vilalba, sitúase o albergue de peregrinos do Xacobeo, onde finaliza a primeira etapa.

A segunda etapa do Camiño comeza na propia vila. Atravesa o casco antigo pola rúa Porta da Cima, nome que fai alusión a unha das entradas da antiga muralla que rodeaba o centro da vila. Esta rúa recibe ao peregrino

con fragmentos de textos e poemas de autores chairegos e conduce directamente á praza de Santa María, na que se empra a igrexa parroquial. Nas súas inmediacións, sitúase tamén a Torre dos Andrade, un dos símbolos máis representativos do municipio. A torre actual é do século XV e, na actualidade, alberga o Parador de Turismo. A uns cen metros da torre, no edificio da Casa

da Cultura, atoparemos a oficina municipal de turismo.

De seguido, cóllese a rúa Sol na que se poden apreciar os restos da antiga muralla que rodeaba a vila. Logo, iremos saíndo do núcleo urbano e chegaremos a Ponte dos Pasos, que cruza o río Magdalena. Máis adiante, cruzarase o río Trimaz en Ponte Rodríguez e seguiremos camiñando ata chegar á parroquia de Alba. Neste punto, cruzaremos a N-634 para visitar outro lugar de gran interese: a igrexa parroquial, reformada no século XVIII e o seu peculiar cemiterio neogótico.

O percorrido xacobeo avanza ata a parroquia de Insua cruzando o río Labrada pola Ponte de Saa. Pouco despois este tramo do Camiño despídese de terras vilalbesas para entrar na parroquia gutiricense de Pígaro e avanzar ata Baamonde, onde se sitúa o fin da xornada no albergue de peregrinos.

## DATOS



2 horas



6 quilómetros



Dificultade media



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



## Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05